



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 83

**Sesión plenaria**  
24 de maio de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



# ORDE DO DÍA

---

## Punto 1. Elección da Vicepresidencia Primeira da Mesa da Cámara

### Punto 2. Comparecencia

#### 2.1 34980 (11/CPP-000084)

##### Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta do ditame do Consello Galego de Pesca sobre a revisión da política pesqueira común (PPC)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 34304 (11/MOC-000097)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Otero Lago, Noelia

Sobre a cobertura das baixas do persoal docente (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 33350, publicada no BOPG núm. 306, do 12 de abril, e debatida na sesión plenaria do 26 de abril)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

#### 3.2 34326 (11/MOC-000098)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Queixas Zas, Mercedes

Sobre a política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31585, publicada no BOPG núm. 289, do 9 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 26 de abril)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

### Punto 4. Proposicións non de lei

#### 4.1 28900 (11/PNP-002515)

##### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que restableza o réxime de excepcións vixente desde o ano 2015, que excluía da obriga de cotizar como autónomo aquelas persoas que teñan ingresos como titulares de explotacións agrarias cando non superen determinados limiares de renda e rendemento económico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022



**4.2 30930 (11/PNP-002680)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da necesidade de atender a saúde mental no ámbito educativo

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 281, do 23.02.2022

**4.3 32218 (11/PNP-002780)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación cos prexuízos que suporía para o sector pesqueiro a implantación de instalacións eólicas mariñas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

**4.4 33466 (11/PNP-002930)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre o apoio ás medidas do Goberno de España respecto do endurecemento das sancións contra o réxime de Putin e a realización dun chamamento ao presidente ruso para que poña fin á guerra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

**4.5 34052 (11/PNP-002991)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

**4.6 34085 (11/PNP-002996)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis**

Sobre a asunción polo Parlamento de Galicia do Manifesto pola seguridade xurídica do planeamento territorial e urbanístico asinado por trece gobernos autonómicos no marco do Encontro Xacobeo 21-22 por un urbanismo responsable

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

**Punto 5. Interpelacións****5.1 30337 (11/INT-001500)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e dous deputados/as máis**

Sobre a propiedade veciñal dos montes en man común

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022



**5.2 30478 (11/INT-001506)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

**5.3 33434 (11/INT-001695)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

**5.4 34252 (11/INT-001750)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a loita contra a endometriose

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****6.1 34982 (11/POPX-000067)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a difícil situación actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

**6.2 34986 (11/POPX-000068)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as propostas que ten o Goberno galego para evitar que a lingua galega siga perdendo falantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 34389 (11/POP-004988)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre a continuidade do sistema de subvencións de concorrencia competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abastos para o ano 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 318, do 12.05.2022



**7.2 34976 (11/PUP-000254)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego de utilizar as súas competencias para levar a cabo algunha iniciativa que evite a perda dun cento de postos de traballo no antigo estaleiro de Barreras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

**7.3 34981 (11/PUP-000255)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia das actuacións levadas a cabo polo Goberno central en relación coa execución dos PERTE e cos proxectos estratéxicos presentados desde Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

**7.4 34446 (11/POP-004992)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical

Publicación da iniciativa, BOPG nº 318, do 12.05.2022

**7.5 34985 (11/PUP-000256)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis**

Sobre a agresión do alcalde de Ourense a unha representante sindical

Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

**7.6 34195 (11/POP-004967)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta da execución e dos resultados das axudas ao alugueiro a menores de 35 anos en 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

**7.7 26653 (11/POP-003750)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade das medidas previstas na Estratexia de educación dixital 2030

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

**7.8 34369 (11/POP-004987)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as axudas ás pequenas e medianas explotacións gandeiras de carne

Publicación da iniciativa, BOPG nº 318, do 12.05.2022



---

**7.9 26789 (11/POP-003804)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego co obxecto de superar as dificultades que está a encontrar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás catro e vinte e cinco minutos da tarde.*

### **Elección da Vicepresidencia Primeira da Mesa da Cámara.** (Punto primeiro da orde do día.)

*O señor presidente (Santalices Vieira) comunica que, na sesión do 18 de maio de 2022, tomou coñecemento da renuncia de don Diego Calvo Pouso, polo que se procede á elección da Vicepresidencia Primeira conforme o disposto no artigo 91 do Regulamento. (Páx. 9.)*

*Logo explica o procedemento que se vai seguir para esta elección e os servizos da Cámara proceden á repartición das papeletas. A continuación, rógalles á señora vicepresidenta segunda (Prado Cores) e á señora vicesecretaria (Ortega Otero) que se sitúen onda a urna para a recollida das papeletas, e á señora secretaria (Porro Martínez) que efectúe o correspondente chamamento. (Páx. 9.)*

*A señora secretaria (Porro Martínez) procede a efectuar o chamamento, por orde alfabética, das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 9.)*

*A continuación realízase o escrutinio. (Páx. 9.) Unha vez rematado este, o señor presidente fai público o resultado da votación. (Páx. 10.)*

*Votación: Votos emitidos, 72; dona María Elena Candia López, 40 votos; votos en branco, 32.*

*En consecuencia, queda proclamada vicepresidenta primeira da Mesa do Parlamento dona María Elena Candia López. (Páx. 10.) O señor presidente rógalle que tome posesión do seu cargo. (Páx. 10.)*

### **Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta do Ditame do Consello Galego de Pesca sobre a revisión da política pesqueira común (PPC).** (Punto segundo da orde do día.)

*Intervención do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 10.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 17.), Sra. Pérez Fernández (BNG) (Páx. 20.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 24.)*

*Réplica do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 28.)*

*A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 30.) Nesta rolda interveñen a señora Otero Rodríguez (S) (Páx. 30.), a señora Pérez Fernández (BNG) (Páx. 32.), a señora Egerique Mosquera (P) (Páx. 34.) e a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 37.)*



**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago, sobre a cobertura das baixas do persoal docente. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 39)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 42.) e *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 45.)

*Nova intervención da señora Otero Lago (S)*. (Páx. 48.)

**Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas, sobre a política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción*. (Páx. 50.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 50.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 53.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 56.)

*A señora Queixas Zas (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda*. (Páx. 59.)

***Votación das mocións***

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noelia Otero Lago, sobre a cobertura das baixas do persoal docente: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 62.)

Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Mercedes Queixas sobre a política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 62.)

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde*.





*Ábrese a sesión ás catro e vinte e cinco minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non hai xustificación de inasistencias, e entramos na orde do día.

Punto primeiro.

### **Elección da Vicepresidencia Primeira da Mesa da Cámara**

A Mesa do Parlamento, na sesión do 18 de maio de 2022, tomou coñecemento da renuncia de don Diego Calvo Pouso como vicepresidente primeiro da Mesa da Cámara, que se publicou no Boletín do Parlamento do 19 de maio. Procede, xa que logo, a elección da Vicepresidencia Primeira.

A elección efectuarase conforme o disposto no artigo 91 do Regulamento, é dicir, mediante papeletas, tras o chamamento nominal das deputadas e dos deputados pola secretaria da Mesa.

Os servizos da Cámara están procedendo á repartición das papeletas.

A expresión do voto efectuarase consignando na papeleta un só nome. Considérase voto en branco aquela papeleta na que non conste ningún nome. Considérase voto nulo toda papeleta que conteña máis dun nome, algunha rascadura ou tachadura ou sinal.

Rematada a votación e realizado o escrutinio, resultará elixida ou elixido a deputada ou deputado que obteña maior número de votos.

Xa está repartindo as papeletas e, polo tanto, a secretaria da Mesa, a señora Porro, procederá ao chamamento das deputadas e deputados.

Prégolle outra vez á vicepresidenta segunda e á vicesecretaria se poden situarse ao carón da urna da recollida das papeletas.

E, señora secretaria, cando queira, proceda ao chamamento dos deputados e deputadas.

**A señora SECRETARIA (Porro Martínez):** *(A señora secretaria, Porro Martínez, procede ao chamamento das deputadas e deputados presentes, que depositan o seu voto na urna.)*

**O señor PRESIDENTE:** Todos os deputados e deputadas exerceron o seu dereito a voto.

Ben, pois imos ao escrutinio.



(Pausa.)

Fáltanos un deputado, non votou Bará. (*Murmurios.*) ¡Ah, perdón!

¿Non votou? Vale, perdón. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que tiñamos aquí un problema, entón.

Entón o resultado é: Votos emitidos 72, votos a favor de dona María Elena Candia López, 40; votos en branco, 32.

Polo tanto, resulta elixida e, por conseguinte, queda proclamada vicepresidenta primeira da Mesa do Parlamento dona María Elena Candia López, a quen lle prego que tome posesión do seu cargo. (*Aplausos.*)

Continuamos, logo destes procesos de elección, co punto segundo da orde do día, que é comparecencia.

### **Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta do Ditame do Consello Galego de Pesca sobre a revisión da política pesqueira común (PPC)**

Para formular esta comparecencia, ten a palabra a conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Señor presidente, señorías, moi boa tarde.

Comparezo hoxe nesta Cámara a petición propia para dar conta dunha proposta que, baixo unha óptica galega e coa fortaleza da unidade, nos debe levar a sinalar unha alternativa de futuro para a política común de pesca. Esta proposta é, como a formulada no 2012, unha aposta polos intereses marítimo-pesqueiros e da cadea mar-industria galega e fai da súa defensa o feito principal do seu sentido. Ese feito que cito debe ser, ao noso entender, tamén a base dun traballo común e debe servir para que a política pesqueira prime sobre calquera outro factor ou pretensión, aínda que sei que todas e todos estaremos nesa liña.

Digo isto porque sei, señorías, que o referendo desta Cámara será o mellor elemento de propulsión a un traballo no que o propio sector marítimo-pesqueiro e a cadea mar-industria plasmou o seu consenso na busca dun futuro.

Ese consenso ponse negro sobre branco nun ditame aprobado sen oposición e no que mesmo se enriqueceu o texto coas súas achegas, cuestión que agradezo no seu nome e no meu propio. Ese ditame, elaborado polo Consello Galego de Pesca a través dun grupo de traballo definido polos seus propios membros, composto por sete persoas e auxiliado por outras tres, tivo como base unha achega técnica elaborada pola Consellería do Mar e sobre a que se veu traballando desde decembro de 2021.

Este ditame nace en canto a que consideramos que este é o momento idóneo para que as rexións pesqueiras europeas tomen o liderado que lles corresponde na definición dos cambios



que permitan reconducir os ditados da política pesqueira común ás necesidades das comunidades costeiras europeas e aos novos retos a nivel europeo e global. Entendemos que isto é así por canto existe unha oportunidade para revisar a política común de pesca, que nace ao abeiro do artigo 49 do Regulamento 1003/80 do ano 2013, e que contempla esa revisión indicando expresamente que a comisión informará o Parlamento Europeo e o Consello sobre o funcionamento da política pesqueira común, como moi tarde, o 31 de decembro de 2022.

Xa empezaron as consultas co fin de comprobar cal é o camiño correcto e os cambios que fan falta en aspectos tales como o necesario reforzo da dimensión social da actividade, a potenciación e o recoñecemento da pesca costeira artesanal e do marisqueo, e a dimensión internacional da pesca. Pero entendemos que a análise ten que ser moito máis ampla e ambiciosa. Xa que logo, o obxecto do documento elaborado por Galicia é facer unha achega sobre as reformas que parecen recomendables dende o punto de vista de Galicia, a principal rexión pesqueira da Unión Europea, e tendo en conta o balance da actual política común de pesca e das anteriores. Esas reformas tiveron un importante impacto sobre a pesca galega, polo que semella necesario abrir antes de que se plasmen as liñas desta revisión no marco decisorio europeo, un amplo debate para reformar a política pesqueira común co obxectivo de garantir que as nosas opinións sexan escoitadas e atendidas.

E esas opinións teñen os piares sobre varias posicións fundamentais. Dende Galicia entendemos que un deseño adecuado da nova política pesqueira común ten que ser unha solución europea e europeísta, que reforce a cohesión social e económica, a innovación tecnolóxica, a mellora de condicións de traballo nos buques de pesca, pero ten que ser tamén unha política pesqueira que reforce a unión tanto interna como externamente, tendo como obxectivo a soberanía alimentaria e, por tanto, o abastecemento á poboación da proteína animal saudable e de baixo impacto.

É importante resaltar, tal e como sinalou a achega feita polo Bloque Nacionalista Galego e referendada por todo o grupo, que o enfoque que propón Galicia para a política pesqueira común pretende ser realista e partir da situación actual, buscando elementos comúns e ao mesmo tempo tendo en conta as singularidades das distintas comunidades pesqueiras á hora de elaborar o futuro.

Entre os elementos senlleiros que queremos atender nesta proposta estarían cinco cuestións fundamentais para o noso sector. Por iso, de igual maneira que a reforma da política pesqueira do ano 2013 se centrou nos obxectivos coñecidos como os tres grandes (é dicir, rexionalización, descartes e o rendemento máximo sostible), Galicia propón agora a discusión arredor dos cinco grandes, é dicir, cinco aspectos fundamentais para alcanzar na reforma da política pesqueira común no ano 2023.

O primeiro deles radica na necesidade de analizar e xerar un marco xeral que reforce a Unión Europea en termos pesqueiros, en termos acuícolas e tamén de transformación e comercialización dos produtos do mar; e que, dende a dotación dunha cobertura normativa e operativa común e igualitaria, poida respectar e manter as singularidades de cada Estado membro en termos de ordenación, xestión e organización, de forma que este poida conservar as súas estruturas e actividades tradicionais sen menoscabo de respectar e adecuarse ás liñas xerais marcadas.



O segundo estaría centrado en entender e desenvolver un campo de igualdade de condicións, cara ao exterior da Unión Europea e de cara ao interior, buscando o equilibrio das normas, especialmente no ámbito do control e a rastrexabilidade, e xerando un marco de seguridade xurídica que permita aos diferentes actores desenvolver a súa actividade coas máximas garantías de equilibrio e de respecto ás singularidades e especificidades de cada zona.

O terceiro estaría fundamentado na demanda da revisión e actualización do concepto de zona altamente dependente da pesca, orientando os seus elementos definitorios cara a aspectos claves na sociedade actual, como a produción de alimentos de calidade que aseguren a soberanía alimentaria ou a obtención dun alto valor engadido sobre as capturas ou produción de produtos do mar, sen esquecer o importante peso social do sector pesqueiro en Galicia e adoptando medidas de preferencia e discriminación positiva en consecuencia destes criterios.

O cuarto sería formulado baixo a proposta de analizar de forma rigorosa a aplicación da obrigación de desembarque de todas as capturas e avaliar a mellora da súa continuidade mediante a adopción de medidas de xestión que se poidan adecuar a este obxectivo sen prexudicar ou menoscabar a actividade da frota pesqueira europea.

O quinto, que propugna e estima que con especial atención se ten que revisar o criterio de asignación de cotas en favor dunha maior adecuación ao patrón de capturas de cada pesquería, ademais de analizar a pertinencia dun establecemento dun sistema de xestión baseado noutros modelos como fórmula de posible solución para varias das incoherencias e desaxustes producidos en relación a esta medida polo actual sistema de tax e cotas.

Quero sinalar aquí a achega tamén do Bloque Nacionalista Galego para que, no caso da frota artesanal, se considere a exclusión do sistema de tax e cotas e a substitución deste sistema por outro baseado no esforzo pesqueiro, cuestión sobre a que se articula a pesquería desta flota naqueles casos onde a regulación das especies non está sometida a cotas desde Europa.

Chegar a acadar unha plasmación plena destes cinco elementos ten necesariamente que transitar por cinco vieiros conexos con eles e que constitúen os cinco eixos estratéxicos sobre os que centrar estes obxectivos. Estes cinco eixos atenden aos elementos claves nesta proposta e poderíao resumir en cinco liñas:

- Unha política pesqueira común, social e de futuro.
- Un comercio pesqueiro xusto, o *level playing field*.
- Unha pesca sostible e compatible coa conservación da biodiversidade.
- A adaptación ao cambio climático e
- A cogobernanza global como base para a sustentabilidade de actividade.

Sobre o primeiro eixe, centrado nunha política pesqueira común, social e de futuro, propoñemos que, recuperado o estado dos caladoiros e cunha liña positiva no económico, só coar-



tada por esta crise, que agardamos superar, a atención ao aspecto social ten que constituír agora un dos obxectivos principais. Entendemos que se debe dar nesta política pesqueira común especial cabida á potenciación do relevo xeracional mediante a mellora das condicións de vida a bordo e adecuación da formación.

Neste sentido, faise necesario estimular a promoción da actividade marítimo-pesqueira e acuícola en dobre orde; primeiro, abundando na necesaria ampliación do consumo e na comercialización adecuada dos produtos do mar como elemento de dinamización económica e xerador de mellores remuneracións. E o segundo, recoñecer a valía, interese e oportunidades que o emprego neste ámbito produtivo posúe, ligando esta valorización a un proceso de avance en autoestima que faga máis atractiva a empregabilidade neste sector.

Estimamos como algo absolutamente necesario que se creen as condicións para unha renovación tecnolóxica das estruturas produtivas, rebaixando os custos de produción e mellorando as condicións de habilitabilidade e seguridade, algo indispensable para facer desta profesión algo ben remunerado e atractivo para a mocidade europea.

A respecto do segundo eixe, ligado a un comercio pesqueiro xusto, queremos sinalar que un mercado mundial e europeo xusto sería aquel en que puidesen participar só aqueles que aceptasen os principios dun xogo xusto e equilibrado. Para lograr este obxectivo básico de pleno respecto ás normas de política da competencia, a Unión Europea, debe establecer cales son estas normas mínimas de obrigado cumprimento que definan o *level playing field* aplicable a todos os que desexen participar nun mercado pesqueiro xusto e sostible, tanto a nivel da Unión Europea como a nivel mundial.

Neste senso, unha acción fundamental debe estar centrada en impedir o acceso ao mercado comunitario, coa debida tarxeta vermella, a todos aqueles que non cumpran estes requisitos. A maiores, compartimos coa comisión a súa defensa de máis cooperación internacional e de revivir o multilateralismo, e protexer e patrocinar a orde internacional baseada en normas, polo cal unha reforma da OMC debe ser unha das prioridades no ámbito internacional.

En canto ao terceiro eixe, baseado na demanda dunha pesca sostible e compatible coa conservación da biodiversidade, queremos deixar claro que cremos que esta liña resulta indispensable para a consolidación a nivel da Unión Europea e mundial dunha economía azul sostible, tal que xere alimentos saudables, cree postos de traballo dignos e contribúa á neutralidade climática e á loita contra a polución mariña. Por iso, debemos destacar e valorar a capacidade nutritiva dos produtos do mar, a súa contribución á saúde en forma de dieta equilibrada, sa e saudable, así como a súa baixa pegada de carbono e hídrica, reforzando o seu papel económico, social e ambiental sostible naqueles casos onde a proximidade entre a súa produción e o consumo é unha marca propia, como sucede en boa parte da actividade marítimo-pesqueira desenvolvida en Galicia.

É preciso reforzar tamén, en pos de mellorar o coñecemento dos stocks e dos ecosistemas, a investigación e a dotación dun sistema ampliado de toma e disposición de datos, papel no cal, atendendo tamén á necesaria cogobernanza, o sector e os seus profesionais poidan contribuir de forma directa e de forma sinxela.



O cuarto eixe está dirixido a potenciar e promover a adaptación ao cambio climático, onde cabe lembrar a defensa que o sector marítimo-pesqueiro e a cadea mar-industria de Galicia realiza do concepto de sustentabilidade en tres dimensións que deben estar en equilibrio: a social, a ambiental e a económica. Neste senso, e relacionando este eixe cos obxectivos de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas, cabe destacar que a proteína mariña adquire un extraordinario valor estratéxico que promover como elemento esencial de seguridade alimentaria.

Ademais, debemos subliñar a importancia dos debate sobre o quecemento global e a des-carbonización, e hai que abordar a dependencia de combustibles fósiles e os efectos do cambio climático sobre o sistema de xestión dos recursos facendo da necesidade unha virtude. Xa que logo, hai que desenvolver con sensatez e progresividade o enfoque do que é o sistema na xestión dos recursos e levando un debate amplo que nos permita mellorar e afianzar a xestión deste sector e integrala de forma viable nas apostas como a do Pacto Verde Europeo.

Por último, pero non menos importante, o quinto eixe postula a cogobernanza global como base para a sustentabilidade da actividade, feito polo que nas pesquerías en augas internacionais apoiamos a creación daquelas que sexan necesarias, entendendo que non debe existir ningunha área oceánica que non estea cuberta por unha organización rexional de pesca correspondente. Entendemos que se debe xerar tamén un necesario debate para o reequilibrio da capacidade de representación e participación decisoria que ten a Unión Europea nestes órganos de xestión e ordenación de forma que atenda á súa dimensión pesqueira e comercial e que sexa equilibrada coa mesma.

No ámbito interno da Unión Europea débese revalorizar o papel desempeñado polo sector marítimo-pesqueiro e da cadea mar-industria no desenvolvemento da política común de pesca, con especial énfase na súa colaboración e participación na cogobernanza a nivel europeo, estatal e rexional.

Galicia manifesta a importancia da experiencia xerada na cogobernanza da súa actividade marítimo-pesqueira e o papel clave que nesta tarefa tiveron as confrarías de pescadores, cuxo papel de colaboradores da Administración na xestión e ordenación da actividade marítimo-pesqueira e xeradora de economía social e de responsabilidade social corporativa adquire aquí un papel paradigmático.

Defendemos que a capacidade xeral de organización da produción e de xestión da comercialización fai estas estruturas organizativas e representativas acreedoras de recoñecemento e dotación de capacidade análoga a outras entidades como as organizacións de produtores, tanto en materia de ordenación comercial como de apoio económico-financeiro.

Cinco elementos senlleiros e cinco eixes concordantes con eles serán tamén, alén da proposta teórica formulada, unha aposta práctica que se plasma en 29 obxectivos específicos. Polo tempo desta comparecencia e polo das súas señorías, resumirei en 10 obxectivos clave estes case 30 puntos xerais que leva consigo a proposta galega.

O primeiro, apuntando a que a renovación da frota pesqueira debe responder ás exigencias das condicións laborais e de igualdade de xénero, e á transición ecolóxica. Eliminar a limi-



tación do volume para permitir mellores condicións de traballo e vida a bordo, e para facilitar a introdución de tecnoloxías verdes a bordo dos barcos. Esta renovación debe ter específica aplicación no ámbito da frota pesqueira artesanal, demandándose un reforzo das liñas de apoio económico para a mesma.

O segundo, orientado ao estímulo da igualdade de xénero e promover activamente a participación de mulleres no mercado laboral desta actividade marítimo-pesqueira a través de programas de formación específicos para mulleres; e acrecentar a inclusión de medidas de conciliación da vida profesional e persoal para ambos os sexos.

O terceiro, que propón que a Unión Europea e os seus estados membros deben facer uso de todos os seus instrumentos de defensa comerciais para que só se comercialicen produtos de terceiros países que cumpran con normas mínimas; así como analizar en detalle as interrelacións dos acordos comerciais para evitar as incoherencias entre as políticas da Unión Europea.

O cuarto está centrado na demanda á Unión Europea para que formule ante a OMC unha proposta de homoxeneización da fiscalidade en todos os países produtores internacionais de produtos pesqueiros e para que se manteña a bonificación aos combustibles ata que, como mínimo, existan alternativas viables que poidan substituír eficazmente os combustibles fósiles empregados polo sector pesqueiro.

O quinto, que aposta por recoñecer que a pesca artesanal, a acuicultura e o marisqueo desempeñan un papel socioeconómico fundamental para as poboacións que habitan nas rexións marítimas periféricas, mantendo a cohesión social e territorial dentro da Unión Europea. A tal fin, entendemos que se debería aproveitar esta oportunidade para alcanzar e integrar un acordo que logre establecer unha definición común sobre as características da pesca costeira artesanal de maneira internacional e recoller tamén as singularidades da actividade de marisqueo a pé como elemento da política común de pesca.

O sexto obxectivo vai dirixido a poñer de manifesto o papel esencial da proteína mariña na seguridade alimentaria europea e as súas vantaxes en termos de pegada de carbono e hídrica, e tamén de perdas da biodiversidade.

O sétimo obxectivo pretende, como consecuencia do cambio climático, facer un necesario reaxuste da vinculación entre as áreas de existencia das poboacións e as cuadrículas do CIEM, mellorando a asignación de cotas ás necesidades de disposición de posibilidades de pesca en razón do patrón de pesquería efectuada, evitando os problemas que as rixideces da asignación actual provocan sobre a actividade pesqueira.

O oitavo obxectivo recolle a visión sobre a acuicultura, entendendo que ten un papel fundamental para a seguridade alimentaria o emprego nas zonas marítimo-periféricas o crecemento sustentable e a innovación tecnolóxica. Para iso, calquera futura reforma, ademais de contar coa colaboración e a achega das estruturas representativas do sector marítimo-pesqueiro e acuícola, debería promover o desenvolvemento sustentable da acuicultura en xeral, especificamente dentro dos sectores marisqueiros, mitilicultores e piscicultores.



O noveno obxectivo aborda as áreas mariñas protexidas, apuntando que as ditas áreas —promovidas por pescadores e mariscadores locais— han de ser establecidas e adoptadas de maneira proporcional, equilibrada e xustificada, e tras a realización dos estudos científicos pertinentes.

O décimo obxectivo vai centrado na gobernanza oceánica mundial, sinalando tres aspectos necesarios: a necesidade de seguir traballando no recoñecemento e integración do papel importante que realizaron neste ámbito as sociedades mixtas de empresas conxuntas galegas, a defensa dos acordos de colaboración de pesca sustentable entre a Unión Europea e terceiros estados, e a necesidade de que a sostibilidade plasmada nelas rexa para todas as frotas con presenza nos caladoiros dun país terceiro. A necesidade de garantir unha xestión pesqueira sustentable e equitativa nas augas do Atlántico nororiental con todos os medios normativos, especialmente cos comerciais ao seu alcance.

Pero estes elementos senlleiros, estes obxectivos e os eixes que apoiem non terían sentido se non os achegamos aos marcos decisorios correspondentes. Levar esta proposta a Madrid e a Bruxelas é a nosa pretensión, e facelo co seu respaldo é clave neste proceso. Por iso lles pido que se formule unha acción que conleve o respaldo deste Parlamento ao ditame que o sector aprobou e no que puideron integrar as súas achegas. A maiores, entendemos que ese traslado da nosa proposta debe ser o máis amplo posible, motivo polo cal, e salvo engádegas que as súas señorías apunten, entendemos que se debe remitir este ditame aos parlamentarios galegos do Senado, do Congreso e do Parlamento Europeo a fin de que adopten as actuacións e posturas que estimen oportunas, e ademais entendemos que nesa liña debemos ir todos xuntos. E, se é importante a unidade de opinión e acción en Galicia, non o é menos a busca de aliados nese camiño común para que a nosa voz se escoite. De aí que xa procederamos ao mantemento de contactos coas autoridades pesqueiras da Bretaña francesa para alcanzar posicionamentos conxuntos con vistas a amplialos a outras rexións pesqueiras europeas. O contacto tivo lugar con motivo do Cume dos Océanos de Brest no mes de febreiro de 2022, onde expresamente o presidente da Xunta convidou mediante carta o presidente da Bretaña a participar dun grande evento sobre a política pesqueira común en Galicia. Esta procura de apoios, que se estenderá a outras rexións de países como Holanda, Dinamarca ou Irlanda, buscará tamén o soporte das principais entidades representativas pesqueiras europeas como máximos representantes do sector pesqueiro europeo.

Amais, pode ser fundamental este labor de suma de aliados nas principais redes de rexións atlánticas —a CRPM, a Comisión do Arco Atlántico—, tendo esta liña de traballo un punto fundamental nun evento a celebrar os próximos días 6 e 7 de xuño deste ano na Coruña. Neste acto estarán convocados os potenciais socios para participar, en colaboración coa Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, na busca dunha posición das principais rexións pesqueiras da Unión Europea, con Galicia á cabeza de forte para ser trasladado o evento a DG MARE, que celebrará o 10 de xuño sobre a orientación e revisión da política pesqueira común.

Finalizo xa e fágoo cun obrigado agradecemento a todas as persoas que puxeron parte do seu tempo na elaboración deste ditame, que o enriqueceron cun único obxectivo de defender o sector marítimo-pesqueiro de Galicia e a súa cadea mar-industria. Estando nesta Cámara, quero agradecerlles aos tres grupos políticos deste Parlamento a súa vontade de participa-





ción, o seu respecto polo traballo do grupo do Consello Galego de Pesca, así como as súas achegas para que este documento fose máis forte e máis firme.

Permítanme con todo que hoxe agradeza de forma senlleira o traballo e dedicación dos membros do grupo de traballo do Consello Galego de Pesca. E vaia dende aquí o noso agradecemento para Roberto Carlos Alonso, Juan Vieites, Edelmiro Ulloa, Jesús Lourido, Torcuato Teixeira, Sergio López, José Antonio Pérez Sieira, Rita González, Ricardo Herbón e Lino Suárez. Eles son os protagonistas dun feito importante, todo o sector estivo representado e foron eles os que decidiron todos os rumbos desta proposta que a Consellería do Mar referenda co seu apoio e coa suma aos seus criterios.

Hoxe, como hai 10 anos coa anterior reforma da política común de pesca, o sector marca o seu rumbo e nós dámoslle voz coa única intención e obxectivo de que na próxima revisión desta liña fundamental da pesca europea Galicia sexa quen marque o camiño.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Boas tardes, señorías.

Benvida, conselleira.

Nós tamén dende o Grupo Parlamentario do PSdG queremos tamén agradecer e recoñecer o traballo feito por ese grupo de traballo creado no seo do Consello Galego de Pesca. É certo que este é un documento, un ditame que foi elaborado precisamente por ese grupo de traballo creado ao efecto. Foi elaborado, foi debatido. É verdade que a propia consellería contou coas voceiras dos tres grupos, as voceiras de Pesca dos tres grupos parlamentarios para que tamén fixeramos as achegas pertinentes.

Nós, despois de falar co sector e dicíndonos que realmente estaba todo recollido, porque realmente foi feito polo propio sector, pois é certo que non presentamos unha serie de alegacións formais porque é certo que compartimos o documento tal e como está elaborado.

E vostede o que dicía é que hoxe aproveitaba esta comparecencia para que este Parlamento ratificara este ditame. Vostede sabe que ese non é o procedemento e tampouco é necesario que este Parlamento ratifique este ditame que, dende logo, foi feito polos que máis saben do sector. Ao mellor o procedemento parlamentario sería outro para que puideramos votar todos os grupos e trasladar, como vostede dicía, este ditame aos nosos deputados e deputadas, aos nosos eurodeputados. E vostede sabe que unha comparecencia pois non é o procedemento para que votemos e ratifiquemos co noso voto este ditame, que, como lle digo, dende logo conta co apoio do PSdG.



Pero a verdade é que vostede, que pode utilizar loxicamente as comparencias para o que crea conveniente, este é un documento que xa se coñecía —polo menos os tres grupos parlamentarios—, que, como dicía, foi aprobado polo seo do Consello Galego de Pesca, nós hoxe botamos un pouco en falta que vostede hoxe non viñera aquí falar doutras cousas que realmente son competencia do Goberno galego. E estoume a referir que hoxe creo —e dígollo con todo o respecto— que vostede perdeu unha oportunidade única de vir aquí dicirlle ao sector esas medidas complementarias que serían tan necesarias para poder axudar ao sector neste momento tan difícil que está a atravesar por eses prezos exaxerados no combustible. Vostedes sempre critican as medidas que adopta o Goberno central, pero non foron quen de poñer medidas complementarias a esas medidas do Goberno central, como así llelo ten perdido o sector e como así fixeron outras comunidades autónomas. *(Aplausos.)*

Vostede tamén hoxe perdeu a posibilidade de virlle dar unha solución a un problema intencionadamente creado pola súa consellería, estou a falar do problema creado entre bateiros e percebeiros. E vostede hoxe tamén perdeu esa oportunidade.

E vostede tamén hoxe perdeu a oportunidade —xa que estamos a falar do Consello Galego de Pesca e tanto falou vostede da igualdade de xénero—, vostede hoxe tamén podía explicarlles por que vostede lle nega a entrada no Consello Galego de Pesca á única asociación autonómica de mulleres da pesca. Podería vostede tamén explicar hoxe por que lle nega esa entrada no Consello Galego de Pesca. *(Aplausos.)*

E —como dicía— este Grupo Parlamentario do PSdG comparte ese ditame do Consello Galego de Pesca, como non podía ser doutro xeito, porque é froito do traballo dos que mellor coñecen o noso sector. Falábase aquí da pesca de pequena escala, e nós coincidimos con moitas cousas que vostede dicía porque están recollidas nese ditame. E entendemos que a actual definición da pesca de pequena escala, incluída tanto no Regulamento do FEMP como do FEMPA, exclúe determinados buques, como os que empregan artes tradicionais, que á súa vez teñen dificultades para obter financiación da Unión Europea como consecuencia desta exclusión. Esta exclusión todas e todos sabemos que tamén reduce a súa visibilidade e a súa presenza nas estatísticas da Unión Europea.

Esta revisión da que estamos a falar, esa revisión que esperamos que se leve a cabo da política pesqueira común debe permitir elaborar —como ben dicía vostede— unha definición común desta pesca artesanal e desta pesca a pequena escala que inclúa outras características do segmento, xa que sabemos que esta pesca a pequena escala se caracteriza polo baixo impacto; a diversidade estacional nos termos de especies, caladoiros e artes de pesca; que opera a baixa escala de produción; que respecta os ciclos biolóxicos e migratorios das distintas especies grazas á polivalencia; tamén eses baixos niveis de capturas, accesorios e descartes das especies; e tamén que lle dá un maior valor engadido a ese aspecto socioeconómico, que é tan importante de que Europa por unha vez escoite que hai outras dúas vertentes da pesca, non só a medioambiental. E aproveito tamén para dicir que ese proxecto de lei de pesca que foi aprobado no Consello de Ministros recentemente incide tamén nomeadamente nesas dúas patas tamén do sector pesqueiro.

As cuestións relacionadas coa seguridade e a comodidade da frota de pequena escala non poden considerarse por separado das relativas ao esforzo pesqueiro e ao rendemento da



pesca. A este respecto todas sabemos que a limitación da tonelaxe bruta como criterio para medir a capacidade pesqueira ten un impacto negativo na seguridade e comodidade desta frota, xa que limita o incentivo para substituír e modernizar os buques ou aumentar, por exemplo, o espazo dispoñible co fin de mellorar a comodidade da tripulación, a seguridade e, en última instancia, algo do que tamén falaba vostede, o atractivo do sector especialmente para os xoves e para as mulleres.

Os criterios de arqueo bruto para medir a capacidade pesqueira ou incluír tamén o espazo reservado para as instalacións e o confort da tripulación obstaculizan a modernización dos nosos buques pesqueiros e a tan necesaria mellora das condicións de traballo da frota de pequena escala.

A Comisión, polo tanto, debe revisar estes criterios para atopar unha solución capaz de equilibrar as necesidades dos traballadores do sector coa necesidade de controlar a capacidade pesqueira da frota da Unión Europea. E tamén debe a Comisión estudar a creación dunha etiqueta de produtos do mar certificados e dun mecanismo de marca de produtos pesqueiros que poida animar os consumidores a comprar produtos do mar de orixe local e sostible, así como a sensibilizar os consumidores sobre os produtos da frota de pequena escala.

Debe facilitarse o acceso ao financiamento aos segmentos máis débiles da frota para fomentar as cadeas de valor e evitar as deficiencias do mercado.

Débense abordar tamén temas de formación —como dicía vostede—. É necesaria unha harmonización e homologación dos requisitos e procedementos de formación náutico-pesqueira a nivel da Unión Europea, así como dos procedementos e estipulacións para o embarque, de maneira que non se free a circulación de man de obra entre os estados membros. Isto tamén servirá para garantir ese relevo xeracional.

Da igualdade de xénero, vostede tamén falaba. En moitas ocasións os traballos das mulleres prodúcense no ámbito informal e non se teñen en conta os datos a efectos de salarios, prestacións sociais, xubilacións ou enfermidades profesionais. Urxe que os estados membros procedan á plena profesionalización destas mulleres mediante o recoñecemento do seu papel e a súa integración nos sistemas nacionais de protección social. E aquí tamén quero incidir no recente proxecto de lei de pesca aprobado que recolle por primeira vez esa reivindicación histórica de tantos anos, de tantas mulleres do noso sector pesqueiro que por fin verán recoñecidos eses coeficientes redutores e, nalgúns casos, mellorados. E vaia desde aquí que nós xa avanzamos que incluso imos presentar unha emenda para que quede claro que as baiteiras tamén teñen dereito a eses coeficientes redutores.

As accións destinadas a atraer os xoves á actividade pesqueira deben garantir o equilibrio de xénero e ter en conta a función que as mulleres desempeñan no sector pesqueiro no seu conxunto, dende a captura do peixe ata a xestión de buques, pasando pola acuicultura, o marisqueo, a comercialización e a transformación dos produtos da pesca, así como o seu papel tamén na ciencia e na Administración. Debe fomentarse o asociacionismo entre as mulleres do sector pesqueiro para ofrecer maior visibilidade e asistencia ás mulleres.



As normas de medición de capacidade dificultan tamén o acceso das mulleres ao sector, xa que se requiren espazos separados para garantir a súa intimidade e benestar, o cal entra en colisión co principio estrito que temos a día de hoxe de non aumentar o esforzo pesqueiro.

Aquí, no tema da igualdade entre homes e mulleres, queremos reivindicar tamén que por parte da Xunta de Galicia se leve adiante ese acordo, ese si, adoptado por unanimidade nesta Cámara, sobre ese observatorio de igualdade galego da muller na pesca.

Débense tamén abordar nesta política pesqueira comúns temas como a obriga de desembarque. Vostede estivo a falar dela, de feito ata a data de hoxe a Comisión Europea tampouco ten informado sobre a medida na que se ten logrado esa redución dos descartes, nin ten analizado tampouco o impacto socioeconómico da obriga de desembarque nin os efectos da súa aplicación sobre a seguridade a bordo dos buques pesqueiros. Polo tanto, débese seguir traballando, analizando os datos; é importantísimo o tema das análises e dos datos científicos, e eu tamén aquí quero recordar que esa nova lei de pesca, ese proxecto de lei que acaba de aprobar o Goberno central, vai na liña de potenciar eses datos científicos que despois sabemos que son fundamentais para poder negociar tamén moitas das cousas que nos importan en Europa.

Falaba vostede tamén do tema da fiscalidade, que é un reto que temos, que ten aí o sector con esa ameaza tanto da Organización...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ... Mundial do Comercio —remato, presidente— como tamén da propia Unión Europea de eliminar esas subvencións aos combustibles fósiles. Polo tanto, coincidimos —repito— no que se plantexa neste ditame, pero a verdade é que botamos en falta moitas outras cousas que cremos que hoxe son tamén moi necesarias para o sector.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías, moi boa tarde.

Permítame, señor presidente, que antes de comezar a intervención, aínda que el non está presente, celebre en nome de todo o Grupo Nacionalista Galego o que xa lle transmitimos en privado, celebre a presenza no Pleno de hoxe do señor Puy. Alegrámonos de que estea de volta e, en todo caso, desexámoslle que a súa saúde mellore.

Señorías, señora conselleira, para abordar este tema temos que ter en conta principalmente que o que pretende levar a cabo a Comisión Europea é apenas unha revisión do que hai. É



dicir, da última reforma, que entrara en vigor no ano 2014 e que se centraba principalmente na sostibilidade de poboacións de peixes, en poñer fin ás prácticas pesqueiras excesivas e en crear novas oportunidades de emprego e crecemento nas zonas costeiras.

É dicir, que partimos de que o que vai vir é unha lixeira revisión e non unha verdadeira reforma do que xa existe dende o ano 2014; e que, aínda tendo elementos positivos, temos que convir que conlevou enormes sacrificios e renunciacións para o sector pesqueiro galego, a comezar pola redución drástica da frota nos últimos dez anos, que mermou en máis de 500 buques.

Por iso cremos que o recoñecemento dos logros das reformas anteriores, aos que alude o propio documento, afectan moitos matices e moitos argumentos na súa contra.

Para empezar, o impacto importantísimo desas reformas anteriores e, sobre todo, a clamorosa non consecución do equilibrio dos tres piares da sostibilidade: o económico, o medioambiental e o social. E precisamente a preponderancia absoluta do económico sobre o social fannos lamentar que o documento que se nos presenta, elaborado, como se dixo, polo grupo de traballo *ad hoc* do Consello Galego de Pesca non sexa aínda máis arriscado.

Con todo, entendemos o contexto e o esforzo realizado, mais non podemos aceptar cuestións que o BNG propuxo nas súas emendas e que consideramos que son importantes que non fosen recollidas; cuestións que ao noso xuízo aportan máis claridade a algúns dos apartados.

Aproveito, en todo caso, para deixar claro que a nosa intención foi en todo momento a de sumar e tamén para expresar aquí a queixa de que o debate, señora conselleira, deba ser máis devagar entre os propios grupos parlamentarios e as persoas que compoñen o grupo de traballo, e non unicamente a través da consellería. Non entendemos —e quero deixalo claro unha vez máis— as reticencias, o celo da propia consellería non permitindo e mesmo promovendo, en ocasións como esta, encontros entre o grupo de traballo, neste caso, ou o propio Consello Galego de Pesca e os grupos parlamentarios. Non o entendemos.

Cremos que a composición e a estrutura do propio Consello Galego de Pesca é limitadora, xa llo dixemos noutras ocasións e, polo tanto, supón unha eiva importante á hora de chegar a debates máis ricos e tamén seguramente moito máis esclarecedores.

En todo caso, no noso documento de emendas ponse de manifesto que un deseño acaído da política pesqueira común ten que reforzar a cohesión económica, si, pero, sobre todo, e vos tede tamén fixo mención, a social; ten que reforzar a innovación tecnolóxica e a mellora, efectivamente, das condicións de traballo, tendo como obxectivo a soberanía alimentaria e, polo tanto, o abastecemento á poboación da proteína animal saudábel e de baixo impacto. E así o recolleemos nunha das nosas emendas que foi, efectivamente, tida en conta.

Coincidimos tamén en que a igualdade de condicións no traballo é un reto importantísimo, sobre todo se temos en conta que a Unión Europea consome importantes cantidades de peixe procedente de frota extracomunitarias que, dende logo, baixo o noso punto de vista —e tamén se recolle no documento—, non deben xogar con vantaxe esas frota extracomunitarias á hora de introducir e comercializar os seus produtos aquí.



O cumprimento das normativas laborais e medioambientais exixentes e garantistas debe ser un elemento común a respectar e non, como está pasando xa, unha distorsión enorme, como o é efectivamente na actualidade, onde as normas, sobre todo as máis estritas, son só para uns.

Puxemos especial interese nas nosas emendas en destacar as singularidades propias, as estruturas e actividades tradicionais que hai en Galiza: evidentemente as confrarías, reforzar o seu papel e poñelas ao nivel efectivamente doutras estruturas.

E satisfacinos neste sentido que se recolla a demanda de revisión do concepto de zona altamente dependente da pesca, tendo en conta o importante, o importantísimo peso social e pesqueiro en Galiza.

Non se recolleu así, con claridade, quero dicir, a eliminación —baixo o noso punto de vista— do principio de estabilidade relativa, que orixinou precisamente a estática repartición que existe hoxe e que resultou e resulta totalmente ineficaz para a conservación dos recursos e absolutamente prexudicial para Galiza.

A este respecto propuxemos tamén e foi aceptada a exclusión do sistema de TAX —xa o dixo vostede, señora conselleira— e cotas da frota artesanal, aínda que, en fin, moito tememos que haberá que traballar intensamente para que sexa considerado este aspecto por parte da Unión Europea.

Aportamos tamén a nosa visión sobre as exencións fiscais ao combustíbel pesqueiro e constatamos que tamén se recolle a nosa proposta de que a súa eliminación non debe levarse a cabo en ningún caso antes de que existan alternativas viábeis que poidan substituír os combustíbeis fósiles actuais.

Neste apartado, á vista da política da propia Unión Europea, e mesmo nestes días, á vista do que estamos coñecendo sobre os traballos da OMC, tampouco temos demasiadas esperanzas en que se nos escoite, nin a nós nin ao Consello Galego de Pesca, que recolleu, efectivamente, esta aportación.

Tampouco nos parece suficientemente contundente a aposta, aínda non nos parece suficientemente contundente a aposta pola pesca artesanal.

Neste sentido, para nós é fundamental que a diferenciación existente na actualidade entre pesca artesanal e industrial non continúe baseándose só nos metros de eslora da embarcación que tanto nos vén prexudicando ao sector pesqueiro galego.

Non concordamos en que, —e isto recóllese así textual no documento— na UE xa existe un equilibrio entre a pesca artesanal e industrial, non concordamos con esta afirmación. O exemplo máis claro citámolo antes, precisamente cando falamos dos TAC e das cotas ás que está sometida. Deben terse en conta, e este é o momento, baixo o noso punto de vista, aínda que non se trate dunha reforma en profundidade, as propostas a respecto da pesca artesanal, da diferenciación entre pesca artesanal e industrial, as propostas que xa hai dende hai tempo



enriba da mesa e engadir outros elementos para definir a pesca artesanal, e debe terse en conta a súa sostibilidade neste momento de grande, precisamente, incidencia, polo cambio climático e a súa importancia social. De aí tamén —insisto— a nosa proposta da súa exclusión do sistema de TAC e cotas que quedou recollida no texto definitivo.

Valoramos, señora conselleira, tamén que se recollesen as nosas aportacións sobre o desenvolvemento da acuicultura, e a preponderancia dos usos da costa para a pesca artesanal, o marisqueo e a produción mexilloeira. Con todo, cremos que o texto final non aposta ao cen por cen por este modelo, por este modelo polo que nós si apostamos, e evita recoller a non substitución da pesca extractiva pola acuicultura industrial.

En definitiva, un documento no seu conxunto que nós consideramos só, é dicir, é mellorable, evidentemente, pero nós considerámolo só unha parte do camiño, dun camiño no que se leva anos, no que se nos leva anos poñendo obstáculos e que moito nos tememos que non vai variar o suficiente para que isto cambie. Porque, e isto, señora conselleira, temos que dicirlló tamén con toda claridade, pasaron demasiados anos sen que a pesca galega, a súa potencialidade e o seu bon facer fose suficientemente defendida polos gobernos, polo español e polo da Xunta, e aí vostedes teñen gran parte de responsabilidade.

A estas alturas é ineludíbel que un país pesqueiro como é o noso non teña voz propia nas institucións nas que se debaten e se deciden todas e cada unha das políticas a levar a cabo no sector pesqueiro. É incomprensíbel que en asuntos de primeirísima orde para o desenvolvemento da nosa pesca non se conte coa participación do Goberno galego. E vostedes —insisto nisto— teñen que recoñecer que non fixeron nin fan, ao noso xuízo, o suficiente. É máis, nós, e tamén gran parte do sector, está hoxe convencido diante dos múltiples problemas que viven, está convencido de que non teñen quen os defenda, que están ao albur das decisións que se toman a centos de quilómetros e sen coñecer polo miúdo a nosa realidade.

O problema, señora conselleira, medra ademais cando, ademais de non haber unha defensa decidida da nosa pesca fóra, na UE e en Madrid, tampouco a hai aquí.

Xa lle dei antes o dato de que nos últimos dez anos o sector pesqueiro galego perdeu máis de 500 embarcacións, pero é que a afiliación á Seguridade Social...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten que ir rematando, señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ... —vou rematando— no réxime da pesca e da acuicultura caeu preto dun 20 %.

No marisqueo, por exemplo, tiñamos 4.755 permisos de marisqueo a pé e hoxe, desde o 2009, temos 3.700. O Plan de control de vertidos de Augas de Galicia constatou en 2020 que se detectaran 249 vertidos contaminantes nas rías galegas e no 2021 ata setembro xa van 265. É dicir, que a Xunta non está, e non son competencias doutras administracións, non está traballando o que ten que traballar precisamente para que o noso sector medre e non mingüe como o vén facendo nos últimos dez anos.



Na nosa seguinte intervención, conselleira, repararemos nalgunha das outras cuestións tamén que lle queremos subliñar.

Grazas, presidenta. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Moitas grazas, señora Pérez.

Polo Partido Popular, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Boas tardes.

Grazas, presidenta.

Grazas, señora Quintana.

A verdade é que estamos ante a proposta do ditame do Consello Galego da Pesca, á que vos tede convocou as voceiras dos diferentes grupos deste Parlamento, para informarnos, darnos unha copia dese ditame; todos os deputados que estamos vencellados a este sector no Parlamento tivemos coñecemento e puidemos realizar as nosas aportacións, aportacións que o Bloque Nacionalista Galego fixo e, como dixo, tamén explicou algunhas desas propostas foron aceptadas. O Partido Socialista de Galicia non fixo ningunha aportación, non sabemos se é que está ao cen por cen de acordo co primeiro borrador, non sabemos se está ao cen por cen en contra e discrepa de todo, ou non sabemos se realmente non lle interesa absolutamente nada porque chegou aquí xa comezando a súa intervención acusando a señora Quintana dos seus mantras que teñen agora vostedes para facer política coa pesca e non centrarse neste documento.

Como dicía, son diferentes maneiras de gobernar, señora Quintana. Cando estaba o bipartito pois non contaban co partido da oposición para consultar; xa entre eles tiñan dificultades para poñerse de acordo. E, polo tanto, cremos que estamos no camiño correcto, que o Grupo Parlamentario Popular tamén puido facer as súas aportacións, que a Xunta de Galicia conta sempre co Consello Galego de Pesca, que nestas ocasións a señora Pérez tamén, cando non ten argumentos, pois cuestiona en ocasións o Consello Galego de Pesca. Nós estamos completamente de acordo en que funcione e teña as súas aportacións; e, polo tanto, son diferentes maneiras de traballar.

Nós agradecemoslle moito que vostede nos ofrecera ese borrador, ese ditame e que hoxe veña aquí a render contas.

Ben, a señora Otero, vostede di que podemos falar doutros asuntos, ou que a señora Quintana perdeu a oportunidade de falar doutros asuntos; así como vostede tamén perdeu a oportunidade de falar doutros asuntos que competen ao seu partido, a un Goberno de España que é do Partido Socialista, que si que está atacando directamente a pesca e, ademais, que está insultando os galegos. Porque neste Parlamento, nos últimos días, nos últimos meses, estamos debatendo, estamos insistentes co mantemento da sede do IEO e a sede en Galicia, en Vigo; e chega a ministra e o que fai é: non vos dou a sede, douvos unha mesa. Unha mesa da





ciencia da pesca que non sabe nin como vai estar constituída, que non se sabe nin sequera o que é, que non se sabe se ten orzamento, e a sede non; polo tanto, vostede perdeu unha oportunidade para explicar aquí exactamente o que significa iso e ese ninguneo absoluto á pesca, aos científicos e a Galicia en xeral. Polo tanto, terá outra réplica tamén para vostede poder explicalo.

Fala tamén da lei, falou vostede aquí bastante tempo dunha lei de pesca, dunha lei de pesca que tamén mete nun lío o sector; unha lei de pesca que tamén en ocasións o seu partido insulta chamando pois armadores de sillón ás persoas que se dedican á pesca, que tamén está poñendo en complicación o sector e a pesca artesanal, que tamén ten conflitos, como di vostede no sector bateiro e que incluso vostedes van emendar agora mesmo, acaba de dicilo vostede, o propio Partido Socialista de Galicia. Polo tanto, perdeu vostede unha oportunidade de ouro para explicar aquí ao sector pesqueiro tamén todos os líos nos que os está a meter o Partido Socialista.

Insisto, señora Otero, a vostedes non lles interesou en absoluto esta proposta de ditame, non presentaron ningunha aportación, e vén aquí vostede agora a dicir ou, como digo, cos seus mantras da Xunta de Galicia sen dar explicacións de por que o Partido Socialista está agora maltratando tanto o sector pesqueiro en Galicia.

E, señora Pérez, eu dígolle que sempre que se toca ou se revisa algo, ou se advirte de algo, está ben que haxa alerta en Galicia, está ben que en Galicia o sector pesqueiro poña todas as alarmas a funcionar e se poñan en marcha todas as ferramentas que temos ao noso alcance para evitar chegar a desenlaces que non nos conveñen. Por iso, cremos que isto é importante, porque me deu a sensación tamén de que vostede comezou dicindo que simplemente era unha pequena revisión do que se fixera. Eu creo que estamos nun contexto que é importante, como se fixo noutras ocasións e no 2013 tamén ou anteriormente esas revisións. Agora estamos no 2022 e estamos nun contexto no que ademais as prioridades cambian, en que Bruxelas tamén ten agora enriba da mesa outros temas que poden ser impactantes e poden afectar directamente a Galicia de xeito negativo. Polo tanto, creo que, máis que falar do que pasou anteriormente e todos os acordos a que se chegou, temos que mirar para adiante e poder neste caso chegar a moitos acordos que serán beneficiosos para Galicia.

E iso foi o que fixo hoxe a conselleira de Pesca, a señora Quintana, presentando este documento. Como dixó, como está, ademais temos todos no noso poder e publicamente pode ser consultado ese documento, son 25 páxinas, están baseadas en cinco eixes que son da política pesqueira común, social e de futuro, que é importante tamén, inclúese este factor dun comercio pesqueiro xusto, a pesca sostible, compatible coa biodiversidade, adaptación ao cambio climático, a cogobernanza global como base de sustentabilidade. Son termos e conceptos que quizais nas revisións anteriores non estaban enriba da mesa e, polo tanto, convén ter en conta.

Señora Pérez, despois rematou facendo críticas á xestión da Xunta ou críticas directas a que a conselleira e a Xunta non están preto do sector, pero é que, vamos, iso sinceramente non ten ningunha credibilidade, non ten ningunha credibilidade, partindo da base de que hoxe o documento sobre o que estamos falando aquí sae dun grupo de traballo que é do sector da



cogobernanza cen por cen aplicada e dun Consello Galego de Pesca no que está representado todo o sector. Polo tanto, máis preto e máis en colaboración co sector non se pode estar.

Aspectos fundamentais tratados tamén e debatidos que tamén trataron vostedes e que son importantes, que se tratan aquí no Parlamento e no Consello, retos que temos que afrontar tamén e son debates que imos ter, por suposto, tamén no futuro, e que tivemos anteriormente: o rendemento máximo sostible, os descartes, a rexionalización, son decisións máis próximas aos pescadores, poderá tamén explicalo a señora Quintana, pero é un termo importantísimo e un factor tamén que agora está enriba da mesa, que ten máis importancia tamén nas diferentes rexións.

Os dereitos transmitidos e da pesca, a pesca costeira artesanal, aspectos socioeconómicos que agora tamén se teñen máis en conta do que se tiveron noutras revisións anteriores. Polo tanto, eu creo que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista presentan moitas diferenzas á hora de practicar a política ou aportar dende a política á pesca o seu traballo, moitas diferenzas con respecto ao Partido Popular. Lembramos que a pasada reforma Ana Miranda presentara 8 emendas e Carmen Fraga 50, 50 directamente saídas dende Galicia, porque é unha liña de traballo tamén común e, como digo, en contacto e en colaboración co Goberno galego.

Vostedes, señores do Bloque, unha vez alí, tamén falou do Partido Socialista, pero o Partido Socialista é máis evidente porque están xa tamén en España e xa se ve antes; pero cando chegamos a Bruxelas, vostedes, señores do Bloque, digo, señora Pérez, confórmanse, porque aquí están moi reivindicativos pero alí despois están votando, están decidindo cos Verdes, tomando decisións que afectan moi negativamente ao sector pesqueiro en Galicia. Entón, todas as reivindicacións que saen de aquí, despois non son realidade, non se constatan en Bruxelas. En Bruxelas as decisións son diferentes e as votacións tamén, e témolo falado moitas veces tamén na Comisión 8.<sup>a</sup>.

Outra acción do Partido Popular que nos diferencia tamén co Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, porque aquí somos representantes políticos e teñen que sabelo os deputados tamén. O Partido Popular ten interposto o 99 % dos recursos xudiciais contra a estabilidade relativa, da que tamén falaram vostedes, pola anchoa, pola asignación de cotas tamén no Báltico no 2003, dende o ano 1996, defendendo sempre os intereses da pesca de Galicia, dende que está ao fronte o Partido Popular. ¿Queren lembrar vostedes cando estaba o bipartito que pasou co sector pesqueiro? ¿Queren lembralo? Porque o único que fixeron é ignoralo absolutamente. Primeiro, ninguén quería a Consellería de Pesca, ninguén a quería, nin o PSOE nin o Bloque Nacionalista Galego, parece que quedou aí ao final a ver quen a levaba. E despois acabamos con datos moi negativos, vostedes nin querían arregarlles ademais a xubilación ás mariscadoras e ás mulleres que traballaban no mar.

E, mire, vou falarlle de datos: apostaron por despezar barcos, sempre o digo, vou lembralo porque hai tempo que non o digo. Mire, o Goberno que máis buques prevía despezar foi o bipartito; prevía realizar 93 despezes entre o 8 e o 10, e co Partido Popular despezáronse 37 buques no mesmo período, agora que falamos destes temas. Se seguimos a ese ritmo, hoxe non teriamos buques; foi un auténtico desastre a súa xestión. Polo tanto, estamos falando



de partidos políticos, de gobernos que cando teñen responsabilidades toman unhas decisións nunha liña ou noutra. Entón vou falar eu tamén —como digo— do Goberno de España, que é do Partido Socialista, señora Otero; vostede perdeu a oportunidade de falar do seguinte.

Mire, á parte de todos os agravios do Goberno central na área do mar —que vou empezar coa afectación da Lei de costas sobre a cadea mar-industria, que vostede xa sabe que foi tremenda e que segue sendo tremenda e que non hai escusa—, falei antes da Mesa da Ciencia, insultando os vigueses, insultando os galegos por non deixar a sede do IEO en Vigo e en Galicia. E chega a ministra e di que vai facer unha mesa, ten que explicar vostede que significa iso, eu pregaríalle que o explicara no seguinte turno.

O recurso do Plan marisqueiro 2021 —lémbrolle tamén—, o desmembramento do Instituto Español de Oceanografía —lémbrollo tamén—, o problema das escalas do marraxo. Todo iso son decisións que tomou un Goberno do Partido Socialista, todo. Polo tanto, se cre vostede que a señora Quintana perdeu a oportunidade de falar duns temas que son mantras seus e mentiras e falsidades —porque a señora Quintana veu aquí render contas a petición propia desta proposta de ditame de revisión—, vostede perdeu a oportunidade como deputada do Partido Socialista de falar de todos os agravios que está facendo o Partido Socialista á pesca, ao sector pesqueiro en Galicia e que nos vai deixar aos pés dos cabalos absolutamente con todas as decisións que están a tomar.

A exclusión das industrias transformadoras dos produtos do mar das axudas para paliar a crise derivada da guerra de Ucraína...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ... esquecéronas tamén. A condonación da débeda da Autoridade Portuaria de Valencia en detrimento da Coruña, en detrimento das autoridades portuarias de Galicia. Polo tanto, señora Otero, aquí non hai tempo para falar dos agravios que está facendo o Partido Socialista á pesca aquí na comunidade autónoma galega.

Señora Quintana, a proposta de ditame téñena todas as deputadas, as aportacións vostede sabe ben quen fixo e quen non fixo absolutamente nada —como dixo o Partido Socialista—. E nós cremos que está ben sempre que vostede traballe da man do Consello Galego de Pesca, e estaremos apoiando desde este Grupo Parlamentario Popular todas as decisións que vaian nesa liña porque estamos respaldando un Goberno responsable...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ... preto do sector pesqueiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica. Conselleira do Mar.



**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, presidente.

Señorías, de novo moi boas tardes.

Bueno, a verdade, eu creo que é sumamente importante que eu, como conselleira do Mar, compareza nesta Cámara e dea explicacións dos elementos fundamentais que compoñen o ditame que elaboramos en Galicia para defender o que dende Galicia entendemos que debería ser a revisión completa da política pesqueira común. Podemos coincidir coa señora Pérez en que a pretensión da Comisión Europea é facer soamente algún lixeiro retoque, pero é o noso deber e a nosa obrigación —e facémolo eu creo que perfectamente comprometidos— dar os argumentos suficientes e buscar os apoios necesarios para ser capaces de conseguir que a Comisión entenda que ten que facer unha auténtica revisión da política pesqueira común. E iso é o elemento fundamental dese traballo e por iso nos levamos dedicando dende finais do ano 2021 a elaborar este ditame que —como vostede ben sabe— foi a proposta, si, dunha idea que xorde da propia consellería, pero que foi elaborada grazas ao grupo de traballo que se constituíu no Consello Galego de Pesca.

Transparencia toda, señora Pérez, e vostede sábeo. Nós, unha vez que o Consello Galego de Pesca aprobou por unanimidade o seu ditame, tivemos a reunión coas portavoces dos tres grupos políticos, e tamén se lle trasladou ao Consello Galego de Pesca que a nosa idea era que todos os grupos políticos con representación na Cámara coñeceran ese documento para que o puideran enriquecer coas súas propostas. Unha vez que vostedes nos fixeron chegar as súas achegas —e eu agradecínllo persoalmente— pois volveuse reunir o grupo de traballo, e foi o propio grupo de traballo o que decidiu que propostas que saían do Bloque Nacionalista Galego se aceptaban e cales non. Eu quero dicir que non tivemos nós moita incidencia en dicir: isto porque veña do Bloque non se acepta; todo o contrario, nós intentamos que o documento realmente englobe os intereses todos da frota pesqueira común, porque iso é o que nos interesa a todos.

A verdade, non entendo a postura da señora Otero, recriminar que compareza hoxe aquí. Creo que é lóxico que as portavoces do mundo da pesca coñezan este documento, pero tamén creo que é a miña responsabilidade trasladarllelo a todos os deputados da Cámara para que todos sexan coñecedores do traballo que se está a facer, do que pretende Galicia para conseguir en Europa as modificacións oportunas da política pesqueira común, co fin de que a nosa pesca siga tendo futuro. Por iso creo que esta comparecencia é acaída, e xa sei que dende aquí non vai saír unha votación para decidir se se aprobou ou non, pero, dende logo, a partir desta presentación, desta comparecencia, poderá saír algunha iniciativa que si conleve unha votación, como así fixemos no ano 2012.

E a pretensión que buscamos, dende logo, non é outra que conseguir o apoio de toda a Cámara, porque iso sería unha fórmula para chegar ao resto das rexións da Unión Europea e tamén á Comisión Europea e ao propio Parlamento dicindo que é a postura de toda Galicia e non só a postura do seu sector.

Recriminábame que podía comparecer aquí para dar explicación sobre as medidas complementarias pendentes para axudar a frota pola crise que se está a padecer. Eu téñolle que



adiantar que pode comentalo cos representantes do sector, temos falado co sector e propúxémoslles ou ben empezar xa coas axudas ou esperar á decisión da Comisión de autorizarnos a utilización dos fondos do FEMPA para poder facer unhas axudas moito máis potentes. A decisión do sector foi esperar por esa decisión e, polo tanto, nós no momento en que se nos autorice a través do programa operativo poder aplicar estas axudas, por suposto, poñeranse en marcha.

Si que me sorprende moito máis que diga que o conflito entre bateiros e percebeiros o xerei eu. A verdade é que significa que vostede só coñece o sector percebeiro da Mariña e non coñece a realidade do sector percebeiro e do sector bateiro do resto de Galicia. Eu pódolle dicir que os enfrontamentos entre percebeiros e bateiros veñen dende hai moitísimos anos. Eu non quero enfrontamentos, intentei que chegaran a acordos de explotación; cando iso non é posible, hai que regulalo. E hai que regulalo para o sector percebeiro e para o sector bateiro, e hai que conseguir unha explotación sustentable dos dous recursos e iso é o que estamos a facer. E buscando a vía de diálogo sempre e o entendemento entre todos, e criticando sempre os insultos, as ameazas e as agresións, iso non pode ser parte do sistema de traballo. E eu podo dicirlle que, se non me cre a min, faga unha revisión da hemeroteca onde verá de maneira continua os conflitos que existiron dende sempre, porque é lóxico, ao competir polos espazos, que existan esas certas diferenzas. Pero que eu estou convencida de que tanto os bateiros como os percebeiros teñen toda a vontade do mundo para conseguir unha explotación sustentable dos dous recursos, os dous fundamentais para a economía de Galicia e tamén dende o punto de vista social.

E en canto á representación no Consello Galego de Pesca, mire, dende que eu cheguei ao Goberno no ano 2009 se de algo me preocupe foi de darlle forza e representación ao Consello Galego de Pesca. Hai un decreto que regula o seu funcionamento e as persoas que o compoñen; non elixo eu as persoas, as persoas elíxenas os diferentes subsectores que forman parte do Consello Galego de Pesca. Eu pódolle dicir que, a diferenza do que acontecía cando vostedes gobernaban en Galicia do ano 2005 ao 2009, onde soamente reuniron o Consello Galego de Pesca durante dúas veces, aquí o Consello Galego de Pesca reúnese con moitísima frecuencia, os representantes elíxenos os propios subsectores de toda a cadea mar-industria. E eu pódolle dicir que nas persoas onde eu podo designar libremente para que formen parte do Consello Galego de Pesca, unha representación tena a Mupesca, a Asociación Nacional de Mulleres da Pesca —que representa todas as mulleres da pesca—, e outra tena a presidenta da Federación de Redeiras. É dicir, nos dous postos libres que teño os dous déillelos a dúas mulleres que representan o mundo da pesca.

Creo que non lle podo, de verdade, aceptar baixo ningún concepto que vostede semente unha dúbida sobre a representatividade que eu lles dou ás mulleres no mundo da pesca, porque lle recordo que o asociacionismo no marisqueo a pé, que é o sector onde máis presenza feminina ten, comezou no ano 1991 cando eu era xefa do Servizo de Marisqueo; e entre a xefa do Servizo de Marisqueo daquel entón e a xefa de Extensión Marisqueira empezamos o proceso de asociacionismo —está escrito nun libro—; e, fronte á oposición dalgún grupo político que non quería a visibilidade destas mulleres e que non quería que as mulleres cotizaran á Seguridade Social, e que hai tamén na hemeroteca probas que atestiguan que se pretendía que as mulleres non tiveran dereito a cotizar á Seguridade Social. É máis, pretendíase que,



bueno, como moito que coticen por horas; é dicir, que estiveran cotizando pero que nunca tiveran dereito a unha pensión. E iso, señora Otero, hoxe é unha realidade, hoxe as mariscadoras teñen dereito á cotización á Seguridade Social; hoxe as mariscadoras, cando hai un cerre por toxinas ou hai algunha outra enfermidade, teñen dereito a un cese de actividade. E iso todo conseguíuse con gobernos do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Creo entender que vostede no documento que ten que ver coa reforma da política pesqueira común defendía a necesidade de buscar unha nova definición para a frota de pequena escala ou a frota pesqueira costeira artesanal. E eu dígo-lle: benvida ao club, nós estamos defendendo esa postura; é máis, creo que xa non se pode entender que haxa unha definición para a pesca costeira artesanal que se defende en organizacións internacionais e que non sexa a que se defende na Unión Europea. E o que lle pediría —xa para rematar esta primeira intervención miña— é que fale cos seus eurodeputados e que voten o que teñen que votar cando teñen que votar, porque o que non vale é dicir aquí unha cousa e logo, cando se presenta unha proposta para unha definición acaída para a nosa frota costeira artesanal, que en Bruxelas se vote en contra por parte do seu eurodeputado socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, eu tamén lle pediría a vostede que cando se vaian votar temas en Madrid que xa votamos aquí neste Parlamento galego, tamén fale cos seus compañeiros, deputados no Grupo Parlamentario do PP en Madrid, e que tamén voten igual que se votou aquí. Estou a falar por exemplo, nomeadamente, do tema do IEO, a sede central do IEO, o tema de transferencias a Galicia do IEO, que os seus compañeiros en Madrid votaron en contra. *(Aplausos.)* Polo tanto, coherencia, señora conselleira. *(Aplausos.)*

A señora Egerique, dixo que viña eu cos mantras de sempre. Mire, cos mantras de sempre veu a señora Egerique porque incluso chegou a liarse tanto que dixo que: «non, é que o problema co sector bateeiro teno o Partido Socialista». Dende logo que dende o Grupo Parlamentario do PSdG condenamos eses actos, bueno, pois de certa violencia que se deron cara á súa persoa. Pero a verdade é que iso demostra que realmente o problema entre bateeiros e percebeiros non o ten este grupo parlamentario —como dicía a señora Egerique—, senón que, señora conselleira, eu coincido con vostede en que é un problema que é da súa competencia e que ten que resolver vostede. E que, dende logo, o que non pode buscarse é un enfrontamento, hai que buscar que dous sectores que son fundamentais —que coincidimos con vostede en que son dous sectores económicos fundamentais— da nosa comunidade autónoma poidan convivir nun mesmo espazo porque sabemos que teñen que convivir nun mesmo espazo. Eu non quería crear esa dúbida, eu o que quería dicir era que nós pensamos



que hoxe vostede perdera esa ocasión para explicar tamén problemas que atañen e que acechan moi de cerca o noso sector.

A verdade é que a señora Egerique achacoume moitísimas cousas, e incluso chegou a dicirme que nós, o Grupo Parlamentario Socialista, eramos os que non queríamos que as mulleres da pesca viran melloradas esas prestacións sociais, esas prestacións de xubilación, estou a falar deses coeficientes redutores. Pero, señora Egerique, ¿como me pode dicir iso vostede precisamente esta semana? Porque foi precisamente un Goberno presidido por un socialista o que puxo nunha lei eses coeficientes redutores para esas mulleres do mar que levan tantos e tantos anos loitando por eles. *(Aplausos.)*

Chegoume a acusar de que insultabamos, por parte do Goberno central e por parte do Partido Socialista, que insultabamos os pescadores e os armadores chamándolles armadores de sillón. Eu creo que vostede sabe a que se refire chamando armadores e pescadores de sillón. Porque vostede comparte, señora Egerique, ¿vostede comparte que existan armadores que só empregan as súas posibilidades de pesca para negociar e para mercantilizar con elas? ¿Vostede comparte iso? ¿Eses armadores que non empregan esas posibilidades de pesca, que son recursos públicos, para a actividade pesqueira? Porque despois dicimos que non hai posibilidades de pesca. Vostede comparte, ¿non?, que poidan existir eses armadores de sillón que o único que fan é mercantilizar con esas posibilidades de pesca, pero que non as empregan para a actividade pesqueira? Despois poderame aclarar se vostede comparte ou non ese posicionamento.

Mire, señora Egerique, eu entendo que vostedes ultimamente andan moi nerviosos no Partido Popular; houbo unha remodelación do Goberno, vostede non foi nomeada conselleira, polo tanto, vostede pertence ao Grupo Parlamentario Popular, vostede pertence ao Grupo Parlamentario Popular. ¿Pode dicirme cantas alegacións presentou o Grupo Parlamentario Popular a este ditame? Porque outra cousa é o que poida falar o Goberno galego, pero vostede como parlamentaria do Grupo Parlamentario Popular non presentou ningunha. E eu dixen que dende o noso grupo non presentamos alegacións porque, falado co sector, e díxeno na miña primeira intervención, que o documento foi feito polo propio sector, entendían que estaban recollidas todas as reivindicacións. Polo tanto, eu expliquei o meu posicionamento. Pero claro, vén vostede aquí dicir que o Partido Socialista non presentou alegacións, pero é que o Grupo Parlamentario Popular tampouco, señora Egerique. Polo tanto, explicárame vostede se tampouco lle deu importancia a ese documento.

Nós coincidimos, e témolo trasladado así nesas reunións, que é importante o que se contempla nese ditame, que estamos ante un escenario moi importante para que a Unión Europea, sobre todo incide en aspectos o que levamos debatido moito tempo nesta Cámara. Sobre todo que faga fincapé tamén na importancia deses piares sociais e económicos, porque parece que ultimamente a Unión Europea está pensando só en temas medioambientais.

Compartimos moitísimo por non dicir todo o ditame que hoxe vostede veu aquí explicar. Pero é que non podía pasar por alto que na situación tan complicada que está a pasar o sector, que vostede hoxe non puxera enriba da mesa esas medidas complementarias que vostede di que falou co sector e que, de momento, non as quere, cando todos sabemos que a propia



Federación Nacional de Confrarías instou todas as comunidades autónomas a que puxeran esas medidas complementarias encima da mesa. Polo tanto, o sector está a pedilo.

E despois o tema da representación das mulleres no Consello Galego de Pesca, é certo que está representada a Asociación Nacional de Mulleres de Pesca, pero eu creo que aquí que estamos en Galicia, que hai unha asociación que é a única asociación autonómica das mulleres da pesca, tamén poderían ter moito que dicir. E só recordarlle unha cousiña, señora conselleira, non se olvide de levar adiante ese Observatorio Galego de Igualdade de Mulleres na Pesca.

Pola miña parte máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señora Egerique, di vostede que rematei a miña intervención facendo críticas. Claro, ¿que quería? ¿Que lle aplaudira á señora conselleira? ¿Quería que lle aplaudira? Para aplaudir xa están vostedes, xa están vostedes, señora Egerique. *(Aplausos.)*

Pero, mire, voulle pedir que a próxima vez que interveña que, por favor, tanto aquí ou na Comisión de Pesca, que por favor revise o que leva escrito, non vaia ser que lle pase como a M. Rajoy e non saiba o que escribiu. Porque non se entende como pode dicir na mesma frase unha cousa e a contraria. Por exemplo, dixo que neste tema que me metín eu da reforma anterior, da política que está en vigor do ano 2014, que non tiñamos que mirar para atrás, que hai que mirar para diante. Claro e tanto para diante mira que na mesma frase mira para Carmen Fraga e para o bipartito. Señora Egerique, é que, de verdade, non se conciben eses argumentos.

Mire, aquí nós o que estamos vendo é que había unha comparecencia da conselleira do Mar para falar do ditame do Consello Galego de Pesca a respecto da revisión, revisión, señora Egerique; se non lle gusta como o digo eu, escoite de novo o audio porque tamén o dixo a conselleira, e ao mellor gústalle máis como o di ela, revisión.

Ben, viñamos aquí falar dese ditame e aquí cadaquén acabou falando do seu libro. Claro, uns faláron do libro da nova Lei de pesca, que xa veremos, aínda ten un longo percorrido e aínda queda moito por facer na Lei de pesca, moito por facer. E outros viñeron aquí, como non, a criticar os que fan a Lei de pesca, é dicir, o Goberno do Estado. E, claro, uns e outros como vén sendo habitual empézanse a tirar os trastos á cabeza e a dicir, claro que vostede votou, que deixou de votar. Pois, mire, falando de votos, e eu creo que é... podemos poñer ducias de exemplos, pero falando de votos e de reclamacións, vostedes agora, señora Egerique, están indignadísimos polo tema do IEO, claro, pero resulta que votaron a favor no Parlamento galego dunha proposta que presentou o Bloque Nacionalista Galego e sete días despois, nin sequera sete meses nin sete anos, sete días despois, votaron ao mesmo en contra no Con-





greso dos Deputados. Pero *no se lo pierdan*, claro, porque resulta que o PSOE agora acusa efectivamente o PP de que non vota aquí o mesmo que en Madrid. Pero é que o PSOE votou aquí a favor desa mesma iniciativa e chegou a Madrid sete días despois e abstívose. E viva *la coherencia*, efectivamente, viva *la coherencia*. (*Aplausos*.)

Señora conselleira, eu tamén vou falar do meu libro, claro, vou falar do meu libro, porque aquí xa cadaquén falou do que lle deu a gana. E nós queremos animala, pero, de verdade, solicitarémollos por escrito; pero, en todo caso, queremos aproveitar esta ocasións para animala a comparecer neste Parlamento, efectivamente, para dar conta da súa propia política, da política que lle compete á consellería en canto ás súas competencias propias e incluso en canto ás competencias dos demais sabermos o que está facendo e desenvolvendo a consellería. Porque antes, xa ao remate da miña intervención, empezaba a darlle uns datos de como temos o sector, que non vou repetir porque son coñecidos pero, efectivamente, entre o ano 2009 ata hoxe 2022, realmente miremos o que miremos, realmente os datos sempre minguan.

E falaban, falaba vostede na súa intervención tamén da remuda xeracional. E eu díxenllo xa noutras ocasións, non entendemos como se pode abandeirar a remuda xeracional cando a conselleira de Pesca vén dedicando 300.000 euros para a remuda xeracional. Pero non só iso, reduciron incluso o orzamento con respecto ao do ano 2019 porque lle debía de parecer moito.

Claro, ¿que remuda xeracional imos facer así, señora conselleira? Pero é que, ademais, levan trece anos gobernando e tamén en pesca, bueno en todo, en todo. Xa dixen aquí moitas veces que eran vostedes os campións, ¿verdade?, e, efectivamente, cero competencias conseguidas. E resulta que agora, despois de non traballar para obter nin unha soa competencia dende a Consellería do Mar, resulta que agora abandeira a conselleira do Mar e a Consellería do Mar a defensa da cadea mar-industria.

Señora conselleira, claro, está moi ben que a defendan. Nós apoiámolo. Vimos de apoiar unha iniciativa do Partido Popular na Comisión 8.<sup>a</sup>. ¿Sabe que pedía a iniciativa do Partido Popular? Que se constituía unha mesa de diálogo. Claro, non vamos ser nós quen se negue a que se constituía unha verdadeira mesa de diálogo. Pero nós preguntámonos por que en trece anos non se constituíu a verdadeira mesa de diálogo que se tiña que constituír, que é a da Comisión Bilateral de Transferencias; e por que non temos neste momento máis transferencias a respecto do dominio público marítimo-terrestre.

Será, señora conselleira, porque dende o Goberno galego non se pediron, porque non lles importou nunca e agora lles importa xustamente para confrontar co Goberno do Estado. É que claro... en fin. (*Aplausos*.)

Miren, agora o que está a pasar agora mesmo na pesca galega é froito de moitísimos anos, efectivamente, de políticas erráticas da propia Unión Europea, dunha hiperregulación, etc., pero, non nos enganemos, tamén dunha política dende o Goberno galego que non tivo como prioritario, e os orzamentos deste ano demóstrano máis que nunca, non tivo como prioritario o sector pesqueiro.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** —Vou rematando, señor presidente—.

E, claro, nós preguntámonos a estas alturas, agora, co seu novo, e nós agardamos que derradeiro nomeamento, se vai cambiar algo a partir de que é a nova conselleira do Mar. ¿Vai cambiar algo, señora conselleira? Claro, ¿vai cambiar algo dentro do Partido Popular? A parte do baile de sillas que veñen de facer entre uns e outros, ¿vostede ve nalgún momento o señor Feijóo e o señor Tellado no Senado defendendo a Galiza? ¿Realmente os ve defendendo a pesca galega? Xa o miraremos nas votacións no seu momento.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** —E remato definitivamente—.

Señora conselleira, a Consellería do Mar está desaparecida e só aparece para que lle pidan a dimisión a alguén. Acaban de pedirlle a súa propia, acaban de pedir a da directora xeral de Pesca. Por certo, vostede tense equivocado moitas veces, mire a ver de non equivocarse tamén coas dimisións e ceses que se van producir na consellería. Mire ben porque hai amores que matan, señora conselleira.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Dígollo polo ben do sector pesqueiro...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ... non polo ben do seu partido.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Señora Quintana, a verdade é que ás veces as intervencións das voceiras da oposición resultan ata cómicas. Porque, señora Otero, vostede parece..., si, parece vostede, a min paréceme que é vostede moi graciosa para dicirme, acusarme de que non presentara ningunha alegación.



O Grupo Parlamentario Popular, o Partido Popular de Galicia respalda a Xunta de Galicia e as políticas da Xunta de Galicia, que elección tras elección os galegos volven a votar e elixen nas urnas. (*Aplausos.*) Porque ao bipartito mandounos para a oposición, señora Otero, entre outras cousas polas políticas de pesca que vostedes aportaron.

Eu respaldo absolutamente a política pesqueira da Xunta de Galicia, non pense que vou ir por outro camiño.

E fala vostede de nomear conselleiros. Se estiveramos ao ritmo que vai o Goberno de España, que é do Partido Socialista, non quedaban deputados aquí de todos os conselleiros que tiñamos; 22 ministros ten Sánchez. ¿Para que? Para facer e desfacer e para insultar a Galicia, porque cada un que vai nomeando vai faltándolle cada vez máis a Galicia. Dende Pedro Duque, dende Teresa Ribera, agora con Morán, ¿que máis? Todos cada día. E se pasamos tamén a Garzón, que son os seus socios, tamén atacando o sector primario, o medio rural e a carne cando fai esas declaracións. Iso non é coherencia, iso non é defender a Galicia, señora Otero. Por iso llo digo eu como deputada galega, como deputada do Grupo Parlamentario Popular que comparto con vostede a Portavocía de Pesca.

Nós levamos doce anos reclamando as competencias do IEO, levamos doce anos reclamando. Pero agora é que estamos con outro debate diferente, é que estamos reclamando a sede en Vigo. A sede do IEO en Vigo. E vostedes non queren, e vostedes van darlle a Santander, a Murcia, van repartir sedes segundo vivan os seus representantes do Partido Socialista. Insultan a Galicia unha vez máis porque, aínda por riba veñen darlle unha mesa da ciencia pesqueira ou non sei que, sen explicar o que é, sen orzamentos; sen saber moi ben en que consiste. Porque os anuncios e as fotos saen maravillosas.

Mire, no Senado, señora Pérez, vostedes non poden defender nada porque non teñen senadores. Iso é o que pasa. Nós temos moitos senadores galegos que defenden Galicia. E dígolle unha cousa, (*Murmurios.*) e teñen un deputado, teñen un deputado no Congreso que o pouco tempo que pode aproveitar para defender a pesca está nun debate de se o papel pon Vilagarcía ou pon Villagarcía por un nome dun barco. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque a lei da normalización lingüística é importante, é importante, pero os intereses da pesca deféndense tamén con outros debates, (*Murmurios.*) porque son as súas obsesións. A pesca non lles importa en absoluto. E, polo tanto, pregúntame a min e dime a min que non sei se son coherente e non son coherente co que digo, pero vou dicirlle unha cousa. Mire, vostedes, como lle dicía antes, si que son cero coherentes co que din, co que defenden aquí e co que fan en Bruxelas, que están cos Verdes, señora Pérez.

Miren, sobre as subvencións aos combustibles fósiles os Verdes no seu programa das últimas eleccións ao Parlamento Europeo afirmaban o seguinte: *Se debe poner fin ahora mismo a las subvenciones a los combustibles fósiles.* E niso están. E niso están traballando alí en Bruxelas da man dos Verdes. Iso é ser incoherente, moi incoherente, e perder oportunidades en Madrid cando teñen posibilidade de facer un pacto de Goberno e non nomear a pesca, e cando teñen oportunidade de facer debates no Congreso dos Deputados é falar dos nomes, dos buques e non falar realmente dos problemas da pesca, como falou vostede aquí, e que di vostede que lle reprocha á conselleira e á Xunta de Galicia.



Máis notas que teño por aquí: as mulleres da pesca, señora Otero, conseguiron os seus primeiros dereitos en materia laboral grazas a gobernos do Partido Popular, dixo a conselleira na súa anterior intervención. E vostedes, cos coeficientes están a dar resposta agora, obrigada, ás subas das cotas da Seguridade Social no último ano, están dando resposta obrigada, porque ten que ser así. Eu alégrome moito, e non poña en dúbida vostede que o Partido Popular tamén o faría. Non o poña en dúbida porque tamén o fariamos igual.

E mire, eu non é que comparta ou non comporta o que di vostede dos armadores, eu non insulto, e o Partido Popular non insulta, e non pon apelidos aos diferentes sectores, ás diferentes persoas que se dedican a outras, que teño aquí moitos exemplos pero non quero mesturar.

Falou vostede dos armadores de Burela, de Celeiro que coñece mellor que os de Vigo, porque vostede coñece mellor os da Mariña, pregúntelles que opinan desta lei tamén, pregúntenlles tamén que opinan, sen insultar se pode ser tamén, ¿vale? Porque eu non entro en materia do que vostede di que podó estar de acordo con vostede, pero non teño por que poñerlle ningún cualificativo a ninguén, advertindo, que é o que fai o Partido Socialista sempre, poñer cualificativos, porque tamén coa lei de costas pon cualificativos ás empresas que están a pé de costa agora pois traballando no sector. ¿Por que tantos agravios? ¿Por que tantos insultos a como traballa Galicia, a como somos aquí, a como pescamos aquí? ¿Por que apoian eses agravios que nos veñen de fóra? Cando a señora Quintana o que está a facer aquí é defender dende o punto de vista social, económico, sustentable o que sempre estamos dicindo e facendo para que nos coñezan ben. Por iso digo que deberíamos sempre ser máis coherentes e sensatos co que dicimos e coas decisións que tomamos en Madrid, porque coñecemos ben o terreo. Polo tanto, o sector pesqueiro aposta polo Partido Popular, polas políticas do Partido Popular e coñece de sobra a implicación da señora Quintana. Polo tanto, por moitos anos máis, señores do Partido Socialista e do Bloque, que están vostedes na oposición.

E para rematar xa, presidente, dicirlle á señora Pérez que unha cousa é refrescar a memoria do traballo de cada partido, porque digo Ana Miranda naquela revisión presentou oito emendas e Carmen Fraga 50, e foi unha primeira tamén revisión da que estamos falando. E, polo tanto, unha cousa é refrescar a memoria do que fai cada partido para que se saiba, porque hai que facer balance tamén, cando imos as urnas temos que facer un balance do que traballamos e do que facemos. E, polo tanto, unha cousa é facer iso e outra é recrearse no pasado e intentar pensar e dicir que outras decisións sempre serían mellores e vivir no pasado como fai habitualmente o Bloque Nacionalista Galego.

Señora Quintana, nada máis pola miña parte, e animala a seguir traballando nesta liña. E agradecer o traballo do grupo conformado no Consello Galego de Pesca e todas as persoas implicadas para que esa revisión sexa beneficiosa para o sector pesqueiro de Galicia.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Peche da comparecencia, conselleira do Mar.



**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, presidente.

Señorías, o obxectivo que eu tiña nesta comparecencia era acreditar que é posible pensar que o sector pesqueiro ten futuro e para iso buscamos unha alianza con toda a sociedade galega. A verdade é que é difícil convencer a mocidade galega de que o sector ten futuro se o único do que se fala del é dende o punto de vista negativo. E eu, non me gusta facer agravios comparativos, pero, dado que aquí se dixeron algunhas cifras e se di que todos os nosos datos son negativos, pois vou facer algunha reflexión. E algunha reflexión é que no ano 2005 ao 2009, que gobernaba en Galicia un bipartito e que gobernaba o Partido Socialista en Madrid se perdeu un 44 % de posibilidades de pesca. Dende o ano 2009 ao ano 2018, recuperáronse un 75 % de posibilidades de pesca. A verdade é que dende o 2018, que xa goberna de novo o PSOE en Madrid, xa se perdeu un 15 % de posibilidades de pesca. A verdade é que con eses datos sós xa debería bastar para ver quen está defendendo un sector e quen defende outras cousas. Din unhas cousas cando están na oposición e din outras cousas cando están no Goberno.

Señora Pérez, é falso que nós baixemos as posibilidades de axudas para a remuda xeracional, non é certo; non se confunda coas propostas que fan vostedes todos os anos ao defender os presupostos cando nos piden baixar esas partidas e fan unhas emendas para baixar esas partidas. A remuda xeracional témola que conseguir, desde o meu punto de vista, se melloramos dúas cousas: por un lado, o tema de facer unha formación máis acaída e, por outro lado, o tema de mellorar a habitabilidade nos nosos buques. Sigo insistindo, hai 1.700 persoas que se titularon nas nosas escolas dende o ano 2009, 1.700 persoas que poderían estar traballando nos barcos e que están traballando en empresas en terra. ¿Por que? Porque non é doado para un rapaz de 18, 19, 20 anos dicirlle que ten que compartir camarote con outras catro persoas, dicirlle que ten que estar quince días sen ver terra e sen ter posibilidades de comunicarse coa súa familia e cos seus amigos, e é difícil vivir nesas condicións. Polo tanto, se queremos mellorar, o primeiro que temos é que ser capaces de conseguir convencer a Unión Europea de que melloren tamén as unidades produtivas que temos, así como se teñen feito melloras en todas as empresas para que os traballadores teñan mellor forma de traballar, pois tamén os mariñeiros deben contar coas mellores disposicións para poder gobernar.

Se collemos calquera dos gastos, desde as zonas de produción, pois cando vostedes gobernaban o 15 % das zonas de produción de Galicia tiñan a peor clasificación microbiolóxica; dende que gobernamos nós descendeu ao 10 % esas zonas C. Pero é que é mellor, é que as zonas A se incrementaron un 33 % as zonas de mellor clasificación microbiolóxica, e que desde que gobernamos nós se recuperaron 15 millóns de metros cadrados de zonas improdutivas; e é que dende o ano 2015 estamos incrementando o número de persoas afiliadas á Seguridade Social do mar; e é que o prezo medio dos produtos do peixe mostrou o seu máximo histórico o ano pasado, ano da pandemia; e é que as mariscadoras incrementaron a súa facturación nos últimos anos un 40 %. É dicir, todos os datos son positivos e non o digo eu, dino as estatísticas e dino as *Táboas input-output* que proximamente publicaremos e que xa temos nestes momentos na Consellería do Mar.

E por iso eu estou moi satisfeita, e estou moi satisfeita por que o nivel de exportación dos produtos do mar se teña incrementado dende o ano 2009 un 86 % e hoxe superemos os



2.400 millóns de euros de facturación. É dicir, teña en conta calquera dos parámetros que teña, desguace de buques: en tres anos vostedes desguazaron 538 buques, en tres anos; nós en doce anos, 500 buques.

A verdade é que os datos cando son medibles non son opinables, e hoxe a realidade é que nos di que nós estamos xestionando bastante mellor que xestionaron vostedes e que están xestionando en Madrid. Non vou facer xa un relato dos agravios comparativos aos que nos someten desde os diferentes ministerios contra a cadea mar-industria, empezando polo Ministerio de Transición Ecolóxica, o tema do marrajo creo que xa foi debatido amplamente; o tema da Lei do cambio climático; o Regulamento de costas; o informe que se emite sobre o plan especial do porto de Cambados, informe firmado por unha directora xeral que logo hai un audio que di xusto o contrario do que firma no informe. Si, a Lei do 2013, non, non perdoe, o informe noso..., non, non, perdoe, non se poden terxiversar as cousas. O informe noso do ano 2013 presentouse, alegouse desde Galicia e aprobouse o Plan de usos do porto de Cambados, porque nos deron a razón. (*Aplausos.*) O que non se pode é utilizar un documento e non a resposta a ese documento. Señora Otero, o Plan de usos do porto de Cambados está aprobado a partir do ano 2013, está aprobado; é dicir, presentáronse as alegacións, tivéronse en conta e o Plan de usos do porto de Cambados está aprobado. O que non se pode é mandar a semana pasada un documento firmado onde se di: «*y las tres depuradoras cuando les venza la concesión tienen que abandonar esa ubicación*», e logo mandar un audio dicindo: «*as depuradoras teñen que estar aí e iso é competencia exclusiva da comunidade autónoma de Galicia*». Ou unha cousa ou a súa contraria, as dúas cousas xuntas non caben señora Otero. Yo lo siento mucho, pero esa es la realidad que hay firmado en un documento.

En definitiva, o recurso ao Plan de explotación marisqueira, primeira vez na historia dende o ano 1991, primeira vez na historia, recórrese, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dálle a razón á Xunta de Galicia e ás confrarías que se personaron no caso e, aínda así, despois dunha sentenza tan dura, deciden recorrela en casación. Señora Otero, a verdade é que algo de manía si que nos teñen; así é moi difícil, non sabemos xa por onde máis nos van seguir atacando.

O Instituto Español de Oceanografía: señora Otero, o problema non son as competencias do Instituto Español de Oceanografía, o problema é saber para que existe o Instituto Español de Oceanografía. O Instituto Español de Oceanografía debe ser un órgano asesor do Goberno do Estado para defender os intereses da frota pesqueira española en todos os organismos internacionais. E, polo tanto, ese organismo ten que ser prioritario para o Goberno de España se o Goberno de España lle quere dar prioridade ao sector pesqueiro. Dende Galicia sempre defendemos a necesidade de fortalecer o instituto, a necesidade de fortalecelo, e ofrecémonos tamén a poñer cartos se era preciso para que ese instituto poida funcionar ben. O que non ten lóxica ningunha é dicir que se vai iniciar o proceso de descentralización, logo saltarse o proceso polos aires, e dicir que descentralizaron poñendo pesquerías en Santander porque o xefe de pesquerías está alí, e acuicultura en Murcia porque o xefe de acuicultura está en Murcia. Iso non é unha descentralización, iso é querer xogar coa xente e o único que xera é ruído entre os investigadores, non lles dá tranquilidade aos investigadores, e o que pretendemos é que precisamente os investigadores poidan desenvolver o seu traballo e asesorar os que temos que tomar as medidas de xestión para non equivocarnos ao tomar as medidas de xestión.



En definitiva, eu hoxe o que pretendía aquí era defender o ditame que foi elaborado no Consello Galego de Pesca, defender o traballo que fixeron todas esas persoas que se molestaron en estudar, en analizar, en valorar, en que cada un foi capaz de perder parte do seu para gañar o conxunto da pesca galega, dicirlle que dende logo teñen a man tendida do Goberno de Galicia.

E ante a pregunta que me facía a señora Pérez de se eu creo que o señor Núñez Feijóo e o señor Tellado van defender os intereses de Galicia, xa lle adianto: non lle caiba a menor dúbida de que non teremos en Galicia mellores defensores no Senado que o señor Núñez e o señor Tellado. *(Aplausos.)*

Así o veñen acreditando, e obras..., os datos todos da economía de Galicia e de todos os puntos de vista que vostede queira tocar para Galicia así o acreditan. Son medidas de xestión, son medidas feitas sempre pensando no mellor para Galicia e así imos seguir traballando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, mocións.

**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago, sobre a cobertura das baixas do persoal docente**

Non se presentaron emendas. Para formular a moción, ten a palabra a señora Otero Lago.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e a todos. E tamén iniciar esa comparecencia no meu caso amosando a nosa ledicia compartida por todas e todos de contar hoxe entre nós co señor Pedro Puy; poder charlar con el e comprobar que ten folgos nesa recuperación, e sempre é unha ledicia sinceramente contar con el, con esa calidade humana e política que o caracteriza e que todas e todos recoñecemos.

Pero ben ata aí a ledicia, hoxe parabéns, isto xa parece unha revoda, un banquete, con plenos de despedida, con aplausos, e case que agradecemos tomar un pouco de aire e voltar á normalidade, a un pleno ordinario e os asuntos que nos ocupan, a falar de medidas e de xestión, como dicía a conselleira do Mar, que marcan a política galega. E dicía que pouco parabén, pouca esperanza porque, pese a todos estes cambios, as persoas son as mesmas, o modelo é o mesmo e aquí temos un exemplo máis.

E non quería comezar sendo agoireira, pero, tendo en conta as palabras, a intervención do propio conselleiro de Educación hai un mes neste Parlamento arredor desta problemática, desta demanda, pois tamén pouca esperanza e «a pesar» —entre aspas— digo desta «nova» —nova entre aspas— etapa do señor Rueda vemos que son as mesmas persoas que están á fronte das consellerías, o mesmo modelo, polo tanto, en tantos ámbitos pero tamén



no educativo, pese ao que dixera agora a conselleira do Mar, pois pouco que celebrar. E esta podería ser, polo tanto —como en tantas iniciativas cando falamos de educación ou de sanidade ou de política social—, unha moción —diciamos ou diríamos— *spoiler*, é dicir, non sei o debate pero si coñecemos por desgraza cal será o resultado da votación.

Nunca é recomendable comezar unha intervención ou comezar unha historia falando de cal será o resultado e facendo *spoiler*, pero quizais así —poñéndonos no peor— se dá algún tipo de xiro de guiión e asistimos a algún tipo de sorpresa. Porque non sería a sorte desta moción que defende o grupo propoñente, o Partido Socialista, senón que esta é unha demanda que sería sorte para a comunidade educativa, para o persoal docente dos centros educativos, que tanto levan padecido nun curso que aínda non rematou para o conxunto do alumnado e, en definitiva, para un sistema educativo público máis forte.

Pero, como diciamos, non adoitamos errar cando defendemos calquera que sexa a iniciativa en defensa da educación pública, de evitar de instar a Xunta a frear os recortes, a reforzar —como dicimos— este ensino público galego e a escoitar, tamén a que escoiten as demandas das profesionais e dos profesionais, algo tan sinxelo e de balde como iso, escoitar. E tamén, ¿por que non?, esta moción vai de escoitar e de aprender da experiencia que nos ten achegado a pandemia xerada pola covid.

Así que a ver se temos algún xiro final, aínda que diciamos, con poucas esperanzas, despois de escoitar os argumentos do conselleiro de Educación hai un mes. Porque neste banquete de voda político tamén tivemos que atrasar debates, como asuntos tan importantes como os que están a padecer nos centros educativos todos estes meses.

E tamén dicir que, repasando nas últimas horas a comparecencia do propio conselleiro, unha fica abraiada con esa capacidade —que é unha habilidade que tamén ten o hoxe recién nomeado senador e expresidente da Xunta de Galicia, o señor Feijóo, e que o comparte co señor Román Rodríguez—, que é dicir nun mesmo discurso —pasou no debate da interpelación— unha cousa e, aos poucos minutos, dicir a contraria sen inmutarse, sen pasmarse.

Así que imos contextualizar, como pasou o tempo un pouco máis do desexado para debater esta moción, refrescar un pouco cal era a situación que trasladabamos a este Parlamento. Nós rexistramos a demanda e a denuncia que estaban a facer as profesionais, as docentes, os docentes dos centros de ensino, os sindicatos, as ANPA, que comezaron a alertar a comezos do mes de decembro de que a Xunta, a Consellería de Educación, deixou de cubrir todas aquelas baixas de docentes inferiores a 10 días. E ademais deixou tamén de facer os chamamentos para cubrir esas baixas a diario, facíanse de luns a venres ata finais de novembro, e a facelo tan só dous días á semana.

Como lle diciamos, o conselleiro de Educación sorprendentemente e lamentablemente, a Consellería de Educación tomou esta decisión despois das pontes festivas, cando estabamos a piques de celebrar o Nadal e coa chegada da Ómicron, en plena sexta onda, coa curva de contaxios absolutamente disparada. E ao principio a consellería negaba —a pesar das mobilización das docentes e dos docentes— que se tivera tomado esta decisión. Si é certo algo que dixo o conselleiro: que no mes de xaneiro tiveron que recuar e volver chamar a diario e cubrir





as baixas, pero fixérono pola situación caótica e nefasta precisamente xerada a raíz da decisión que tomou a Consellería de Educación —insistimos— en plena sexta onda desa crise sanitaria. Tiveron que chamar porque quedaron centros con aulas baldeiras durante días e días, e mesmo semanas.

E falaba antes das explicacións e argumentacións que nos 15 minutos que dura a intervención, o tempo que tivo nesa interpelación o conselleiro, pois neses argumentos que din unha cousa e ao mesmo tempo din absolutamente a outra. Comezo apelando á prudencia necesaria, que esta decisión se toma porque estamos nunha situación —di— que é xa de normalidade. Entón, nós preguntámoslle ao conselleiro no mes de decembro, no mes de xaneiro, no mes de febreiro..., cando non se cobren xa as baixas dos docentes inferiores a 10 días, a 15 días, ¿estabamos nunha situación de normalidade? O que chama a atención é esa vara de medir que ten esta consellería. Cando se trata de recursos propios e de tomar decisións, apelamos á normalidade, a que hai que avanzar, a que todos queremos avanzar. Pero cando se trata de botar as responsabilidades aos centros, ás familias, en cambio, lembramos —e nós lembrámoslle— que somos a última comunidade que xa ben entrada da primavera retira as máscaras no exterior nos patios das escolas, practicamente coincidindo coa retirada das máscaras no interior das propias aulas; cando as distintas comunidades autónomas levaban semanas e semanas coa máscara retirada nos exteriores. Nós dicíamos que respectabamos as decisións da Xunta pero, claro, esa vara de medir que encolle ou estira segundo quen teña que tomar as decisións e que non responde a estímulos científicos ou sanitarios, segundo un pouco as ocorrencias como deste tipo, ou se temos que levar a contraria ou non ao Goberno central. Dende logo, que resulta cando menos absolutamente rechamante falar de normalidade, pedir prudencia para outras cousas, acusar de mentir a comunidade educativa, e logo dicir que non, que agora xa estamos nunha normalidade, como se a pandemia non existise e que un sistema que funcionaba hai moitos anos como o máis barato pois que imos sen falar dos datos das estatísticas reais de desde cando é ese sistema das baixas, por certo, de cantos profesores temos na actualidade e cantos alumnos. Aquí maquillamos e agarramos os datos segundo nos conveña.

O señor conselleiro —insistimos— defende que en plena onda pola covid, pola Ómicron, se decidise non chamar —salvo eses días que tiveron que recuar— diariamente e cubrir as baixas docentes, deixando aulas baleiras nunha situación complicadísima moitos centros, desmentindo e acusando ademais de mentir os sindicatos —dicíamos— e os propios docentes. E o certo é que estamos na recta final dun curso, pero que dun curso que ata hai moi pouco, en moitos aínda agora, aínda hai un curso que está marcado polas decisións da pandemia, as súas consecuencias e as enormes dificultades que ten padecido a comunidade educativa.

Nós dicíamos: hai que recoñecer as cousas que funcionaron ben e que se fixeron ben, e unha delas foi a cobertura do sistema das baixas e o chamamento a diario. Prescindir do profesorado... (*Murmurios.*) —a ver se poden calar un pouco porque entre que xa non teño aquí o tempo, que non sei como imos, e o galiñeiro pois despista un pouco.

**O señor PRESIDENTE:** Avisoa eu.

**A señora OTERO LAGO:** Pois pegue un berro porque como falan tan alto pois non o poden escoitar, señor presidente. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Si, ten razón. Hai moito murmullo.

**A señora OTERO LAGO:** Por iso dicíamos que hai cousas que non cambian.

Ben, dicíamos que hai cousas que funcionaron ben e o sistema do chamamento para cubrir as baixas docentes é algo que se fixo ben, pero que se cargan de golpe e plumazo a finais do mes de novembro. E dicíamos que non todo foron boas decisións: prescindir do profesorado de reforzo, facer coincidir e non cubrir as baixas ademais coa finalización do programa ARCO de apoio e reforzo de competencias e orientación, pese a que era tamén unha demanda da comunidade educativa nos momentos complicados, tampouco foi unha boa decisión. E tal é así que, sen ir máis lonxe, e despois do debate da interpelación, algúns centros contaban que despois da Semana Santa, como houbo outro pico e outro repunte dos contaxios cando xa non era obrigatorio usar as máscaras no interior, están tan desasistidos por esta decisión da Consellería de Educación que recomendaron a moitas nenas e nenos volver poñer as máscaras despois da Semana Santa en interiores nalgúns centros das aulas. Porque saben que, como a profesora ou o profesor caian de baixa, poden estar 1, 2, 3, 4, 5, 6 días, e ata dúas semanas, sen docente; teñen que actuar deste xeito tomando decisións e improvisando os propios centros porque saben que están —insistimos— absolutamente desatendidos.

Nós pedimos sentido común. A pandemia evidenciou que ese control das ratios, a posibilidade de facer desdobres, a cobertura das baixas do profesorado con axilidade tiveron resultados positivos. Aprendamos da experiencia do vivido, sexamos conscientes e prudentes porque en nada seguro que esta pandemia, ou calquera outra crise, azouta servizos básicos e esenciais como é o caso do ensino. Busquen o razoable, sentido común, porque as baixas —como dicíamos—, as enfermidades, os accidentes prodúcense —como lle lembrabamos ao señor conselleiro— luns, martes, mércores, xoves e calquera día da semana.

E, para rematar, non volvan empregar esas palabras tan bonitiñas de agradecemento ao esforzo de que en Galicia pois a xestión da pandemia no ámbito educativo foi mellor que noutras comunidades, porque, se iso aconteceu, foi grazas ao esforzo precisamente das profesoras, deses profesores que estes meses están facendo —como dicíamos na interpelación— encaixe de bolillos pola decisión da Xunta de Galicia de golpe e plumazo de deixar de cubrir as baixas docentes.

Pola nosa parte, polo de agora máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Grazas, presidente.

Eu non sei se é por unha cuestión de *spoiler* ou non, mais o certo é que, namentres preparaba esta intervención eu creo que había dúas opcións para achegarnos a estas alturas a este tema. E a primeira desas opcións era vir aquí e sumarnos novamente a ese bucle do Partido Popular sobre as baixas, un bucle que xa coñecemos desafortunadamente neste Parlamento polas



ocasións que dende o BNG trouxemos aquí a cuestión da cobertura das baixas mais tamén pola interpelación que deu froito a esta iniciativa. E nós pensabamos que a estas alturas que volver recuncar co muro de formigón, volver ao bucle, pois que non tiña demasiado sentido; primeiro, porque entendiamos non vai clarificar absolutamente nada para quen nos estea a seguir, mais tamén porque entendiamos que a comunidade educativa, despois do esforzo que vén de facer todos estes anos, pois merecía unha outra cousa.

Polo tanto, o día 5 remata o curso escolar e eu creo que esta iniciativa, señora Otero, e por incidir no *spoiler*, non vai modificar a política de baixas do Partido Popular, mais si creo que ten unha virtualidade que non é menor, tendo en conta o tempo no que estamos, e é que nos vai permitir facer unha avaliación con datos e con datas de cal foi a realidade da cobertura de baixas do Partido Popular ao longo deste curso. Con datos e con datas que non demostran senón as toneladas de propaganda e manipulación que o Partido Popular veu implementar ao longo deste curso; ao tempo —que iso si— se lles enchía a boca falando, seica, de recoñecemento ao profesorado. E, claro, a nós o recoñecemento e os aplausos ao profesorado —xa o dixemos en varias ocasións aquí— pois parécenos fantástico. Pero é que o que hoxe temos aquí enriba da mesa é algo moito máis importante ca iso; o que hoxe temos enriba da mesa é falar de dereitos do alumnado, falar de dereitos do profesorado e falar sobre todo de respecto polo ensino público. E, polo tanto, como onde hai papeis e onde hai datos calan barbas, nós o que aquí imos traer para avaliar —para poñer enriba da mesa branco sobre negro— cal foi o papel da Xunta de Galiza a respecto das coberturas de baixas, vai ser o que nos está a dicir o informe estatístico da Consellería de Educación, o que nos está a dicir o propio *Diario Oficial de Galicia*, o que nos din os datos do Consello de Contas e o que di a hemeroteca que calquera fillo de veciño pode consultar. E ímolo facer coa propia estrutura do curso: inicio do curso, setembro do curso 2021-2022, contexto de incidencia da pandemia absolutamente disparada, ¿cal é a primeira medida que toma o Goberno do Partido Popular? DOG, 27 de agosto, 127 unidades menos de infantil e primaria. Todo o país con unificación de aulas. E, ante esta situación, ¿que é o que anuncia neste mesmo Parlamento o Partido Popular así en bruto? Un reforzo de 1.500 profesores máis no ensino público. Claro que despois a realidade dos centros era outra. E, como a mentira ten as patas ben curtas, pois temos que ver como, nos orzamentos, ¿que é o que se demostra?, ¿cal é o dato que se evidencia?, datos da propia Xunta de Galiza: 868 profesores menos que respecto do curso anterior. (*Aplausos.*) E non só iso, senón que ademais nos introducía nunha senda de recortes que certamente culminaban nese curso 2019-2020 e que non implicaban senón un recorte de 2.500 profesores nunha década. Vostedes, señores do Partido Popular, cargáronse 250 profesores cada ano durante unha década, e iso non é algo que diga eu, iso non é algo que diga o BNG, iso é algo que vén branco sobre negro no informe do Consello de Contas.

E alguén podería pensar: bueno, pois con este papelón, coa realidade que temos no ensino público, pois haberá un programa de reforzo pois, digamos, eficiente, que aporte algo novo. E certamente así foi, porque, se de algo pode presumir a Consellería de Educación, é de creativos, e anunciánnos, paran as rotativas, bombo e platillo, o Programa Recupéra-T. Plan de choque, afectará a 1.000 centros, 50.000 alumnos, 1.250 profesores de reforzo, 13 millóns de euros de orzamento para o mesmo exactamente que o ano anterior: Programa ARCO e Programa PROA. Financiados pola Unión Europea, implementados en todo o Estado, e nos



que a Xunta de Galiza —a pesar de ter, por certo, 4.000 sinaturas de profesores pedindo a súa continuidade— non investiu nin un céntimo máis.

E, claro, con esta situación podíamos pensar, alén de como foi o programa, ¿cal foi o procedemento de chamamento nesa cobertura por parte da Xunta de Galiza?

Primeiro chamamento... Anuncio en setembro, iso si. Primeiro chamamento, mediados de outubro. Empézase a avanzar nos chamamentos a mediados de novembro. E chega o 21 de decembro e ¿que fai o Goberno galego? Case 400 profesores á rúa. A propaganda foi estupenda, mais a realidade dos centros foi a que foi.

E con isto chegamos a novembro. E, claro, aquí a realidade da cobertura das baixas, despois de termos 900 profesores co programa Recupera-T, ARCO e PROA en extinción, alguén podería pensar, ¿pero vai ser efectivo o Goberno galego á hora de cubrir as baixas? Ben, pois Educación anuncia a 29 de novembro que vai deixar de cubrir as baixas de menos de 15 días. Tanto tiña que estiveramos na sexta onda da pandemia, que viñeramos de cursos durísimos, de profesorado extenuado; primeira semana de decembro temos no portal da consellería 250 vacantes colgadas sen cubrir: 136 de Primaria e 104 de Secundaria. ¿E que di o conselleiro de Educación con este panorama? Non hai ningún problema neste sentido, e, se hai algún, é un problema puntual. Isto é como aquilo de que aquí nada diso é verdade salvo algunhas cousas.

Polo tanto, avanzamos na volta das vacacións de Nadal e con estes precedentes, con esta realidade, á Xunta non lle queda outra, como sinalaba xa antes, que recoller carrete e asumir que a situación dos centros de ensino sen profesorado e sen cubrir as baixas era absolutamente inasumible. Novamente bombo e platillo. E, fíxense, a Xunta anuncia que vai cubrir as baixas. É dicir, está publicitando nos medios de comunicación que vai cumprir coa súa obriga, evidenciando obviamente que había algún problema.

Pois ben, duroulle apenas catro semanas. Este anuncio faise o 10 de xaneiro, o 22 de febreiro, catro semanas despois, ¿que é o que confirma a Xunta? Que se deixan de cubrir as baixas de poucos días e que van deixar de chamar todos os días e chamar unicamente 2 días á semana. Claro, isto provoca o absoluto caos nos centros, que seguían tendo necesidades de profesorado, que seguían tendo, coa escaseza de profesorado de garda, que chamar, que deixar aulas sen atender e colgaban as baixas na aplicación da consellaría.

¿E que é o que fai a Xunta? ¿Solucionar este problema? ¿Mandar profesores aos centros? Non. O que fai a Consellería de Educación é borrar as baixas da aplicación. Ás 12.00 horas do 15 de marzo había 41 vacantes do corpo de mestres, ¿que fai a Xunta? Adxudica desas 41, 13; 15 déixaas pendentes; e 13 bórraas. En Secundaria 26 vacantes, 5 pendentes e 11 desaparecen tres horas despois. E, polo tanto, morto o can, acabouse a rabia. Borrámos as baixas da aplicación e a realidade dos centros desaparece exactamente igual que desaparecen co Tippex as baixas da aplicación da consellaría.

E con ese panorama chegamos ao final de curso e vemos o que acontece co programa PROA. E isto creo que é algo digno de mención, porque foi a propia consellaría quen está a dicir



que entre o 6 e o 22 de xuño, despois de mover, como ben saben, as probas extraordinarias de setembro, que esas datas se van adicar á preparación e á realización das probas extraordinarias, actividades de apoio, reforzo e ampliación. ¿E que fai a consellaría para garantir que se poida facer isto? Pois moi ben, xusto nesa mesma data cargarse o profesorado que ten por cometido o apoio, o reforzo e a ampliación.

Este é o panorama, señores do Partido Popular, que está nos datos da propia consellaría, na aplicación, que está no *Diario Oficial de Galicia*, que están na hemeroteca e que eu creo que, se algo teñen a estas alturas, é que poden evidenciar o que foron ríos de mentiras, de propaganda e de manipulación por parte da Consellería de Educación ao longo de todo este curso. Mentiras, propaganda e manipulación que se evidenciaban daquela por máis que o negaban e que se evidencian agora. E mentiras, propaganda e manipulación ás que a comunidade educativa, das que o ensino público deste país está a dicir que está absolutamente farta.

E por iso nós non temos ningunha dúbida de que existen e queren para si un ensino público de calidade, un ensino público de futuro, existen unha Consellaría de Educación que empregue os recursos dos galegos e das galegas para poñelas á disposición das galegas e dos galegos, para poñelas á disposición do ensino público e non á disposición do Partido Popular.

E, polo tanto, dende o BNG entendemos que esta é unha realidade que forma parte do pasado e que o ensino público galego ten que mirar a este futuro e vai mirar para o futuro.

Pola nosa banda máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro.

**O señor RODEIRO TATO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

A verdade é que eu esperaba neste debate desta moción que respondera unha pregunta que fixo o conselleiro o día da interpelación: que buscaran vostedes —e vexo que non foron capaces— unha comunidade autónoma que fixera a xestión das baixas mellor do que o fai Galicia. E, polo que acabo de observar, non foron capaces de buscar un modelo no que lles gustaría mirarse. E, todo o contrario, que é o que atopabamos aquí, pois mentiras, propaganda e manipulación, señor Lourenzo, é ao que nos ten acostumado vostede, porque non fan máis que manipular a realidade das cousas.

Miren, Galicia conta cun modelo exemplar de cobertura das baixas do persoal docente e, polo que estou vendo, o mellor de España, porque non foron capaces de trasladar vostedes outro modelo.



Miren, somos a comunidade de España —e isto vai para a matraca dos recortes que están cansados de repetir e saben que menten e menten a propósito—, somos a comunidade de España que máis docentes ten con respecto ao seu número de alumnos. A ver se aprendemos a facer as contas dunha vez. Porque está moi ben, señor Lourenzo, vir aquí cuns datos de profesores, pero hai que poñerlles os datos dos alumnos. Se o comparamos co número de alumnos existentes, evidentemente somos a número un de España.

Polo tanto, esa mentira que din todos o días dos recortes xa creo que só a cren vostedes, os dous grupos parlamentarios desta Cámara, porque o resto da sociedade non llelo vai crer, porque non é verdade.

Miren, o ensino galego conta cos recursos humanos que precisa en cada momento e adaptándose como se adaptou a cada situación como foi a pandemia. E ademais reforzouse o sistema coa pandemia, entre outras medidas durante este curso 2021-2022, que supuxo un investimento extra de 140 millóns de euros. Un investimento extra que o pagou en exclusiva a Xunta de Galicia, no que o Estado non aportou un só céntimo. E ese investimento extra supuxo a contratación de 2.095 profesores máis que antes da pandemia, a pesar de contar con 6.000 alumnos menos.

E, fronte a este esforzo extraordinario dos galegos e do Goberno galego, o Goberno do Estado desentendeuse do sistema educativo anulando, señorías, a orde de axudas dos fondos covid, recortando deste xeito 90 millóns de euros ao sistema educativo galego.

Polo tanto, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego defenden iniciativas típicas creo que dunha oposición xa desesperada, porque veñen vostedes aquí simular que se preocupan polo sistema educativo propoñendo iniciativas sobre asuntos que xa funcionan ben; polo que acabamos de ver, é o mellor modelo de España porque vostedes non aportaron ningún outro.

E ademais convén recordar que o sistema educativo, xa que falan tanto do profesorado, conta con 30.000 profesionais e que están axustados ás demandas reais do noso sistema. Un cadro de persoal que non só respecta o catálogo dos postos fixados no 2007 polo bipartito e asinado polos sindicatos, senón que supera esas previsións mesmas fixadas nese acordo cando había moitos máis alumnos naquel momento.

Polo tanto, a Xunta está traballando seriamente e está facendo un esforzo importante para esa premisa de atender as necesidades reais. E evidentemente hai que ter en conta os factores da demografía, a flexibilización das medidas sanitarias, que parece que vostedes as utilizan cando lles convén e cando non lles convén non; e a falta tamén de recursos específicos, como poden ser estes 90 millóns de euros de recortes.

E, efectivamente, iso impide manter exactamente o mesmo incremento que no curso pasado, señor Lourenzo, que lembremos que foi excepcional e atípico, sabémolo todos.

En canto ao modelo da cobertura das baixas, vén funcionando cun amplo consenso entre a comunidade educativa e tamén entre o profesorado. Unha cobertura de baixas que conta co



prestixio, conta cun prestixio e, sobre todo, como todos coñecemos e aquí se dixo, cobre as baixas dous días á semana: os martes e os venres, que non pasa así noutras comunidades autónomas. E cóbrense as baixas evidentemente maiores de dez días, pero tamén se cobren diariamente as baixas das escolas unitarias diariamente ou doutros servizos como o persoal coidador ou de cociña que non teñen reforzo no sistema. Polo tanto, evidentemente falamos dunha norma que non é inamovible, porque así se acredita cando se cobre diariamente.

Polo tanto, coa chegada do curso 2020-2021 houbo unha situación excepcional que provocou medidas excepcionais de reforzo de profesorado, de desdobres, todas as medidas que tanto debatemos aquí. En canto á cobertura das baixas, reforzouse ese modelo facendo chamamentos diarios. E quero recordarlles aquí a todas as señorías que estes chamamentos diarios son excepcionais no ámbito de todo o Estado, son excepcionais. E vostedes pretenden cunha medida que non aplican en ningún lado e que é a excepcional, que vostedes a sigan aplicando en momentos nos que a situación da pandemia é distinta. E fíxose de forma..., chamamentos diarios sobre todo neses momentos para dar cobertura a unha situación sanitaria descoñecida. E evidentemente, este curso 2021-2022 cambiaron moitas cousas, flexibilizáronse os protocolos e deste xeito tamén se cubriron as baixas nas épocas de maior incidencia. E cubríronse nos primeiros meses do curso, señora Otero, e tamén se cubriron en xaneiro e febreiro, tamén se cubriron. Xa llo contestou o señor conselleiro, pero vostedes seguen insistindo aquí en que en xaneiro e febreiro non se cubriron, e vostede séguese negando.

Pero, en todo caso, en Semana Santa tamén se cubriron á volta das vacacións porque había unha necesidade e cubríronse todas esas baixas. Polo tanto, a consellería está actuando con seriedade, está actuando con rapidez, está garantindo a calidade e o funcionamento do sistema educativo. E a día de hoxe variou tamén a situación da pandemia. Se o mesmo Goberno central vén de adoptar paulatinamente medidas de cara á volta á normalidade. Como, por exemplo, que o persoal con síntomas leves da covid tiña que traballar. E, evidentemente, esta situación reduce considerablemente as incapacidades temporais tamén no sistema educativo. Ou como exemplo tamén a modificación da obrigatoriedade do uso das máscaras.

En todo caso, estamos nunha situación á normalidade, estamos retomando a xestión ordinaria das baixas e, efectivamente, hai un consenso xeral desde o punto de vista pedagóxico e é un consenso de que o alumnado está mellor atendido con profesorado do propio centro que cun profesor externo para cubrir esas baixas diarias. Polo tanto, porque carece de tempo necesario para conectarse á dinámica e ao ritmo das programacións que xa ten postas en marcha o propio curso. Por iso os centros, dependendo do seu tamaño, xa contan con persoal de reforzo para cubrir este tipo de incidencias inferiores aos dez días. E isto xa o saben vostedes perfectamente, pero veñen aquí facer simular a ver se unha cousa que funciona ben damos trasladado á sociedade que é un auténtico desastre á vista das exposicións que os dous membros da oposición fixeron hoxe aquí nesta Cámara.

Miren, vostedes veñen aquí pedir o contrario do que facían cando gobernaban en Galicia, e o contrario do que fan alí onde gobernan a día de hoxe, señora Otero.

Polo tanto creo que..., insisto en que vostedes veñen, en vez de preocuparse polo sistema educativo, preocúpense en utilizalo para criticalo. Porque, se realmente a vostedes lles preo-



cupa o sistema educativo, deberían vostedes reclamar, como fixo a Xunta de Galicia, os sobrecostos da dispersión que representa o custo do sistema educativo do transporte escolar, dos comedores escolares, a dispersión dos centros; que iso son 354,6 millóns de euros que está afrontando Galicia cada ano para soste o sistema educativo. Pero vostedes deste tema non se lles escoita falar absolutamente nada.

Como calaron e tragaron cunha naturalidade espantosa cando ao inicio do primeiro curso da pandemia o Goberno do Estado modificou os criterios de financiamento dos fondos europeos e nos tangaron 36,3 millóns de euros co sorprendente silencio cómplice do Bloque Nacionalista Galego.

Ese mesmo silencio do Bloque Nacionalista Galego, mire que protestaron ata todos os sindicatos, excepto un, moi coñecido polo Bloque Nacionalista Galego, cando no curso 2021-2022 se anulou e non se convocou a orde de axudas de fondos covid que o curso anterior estaba dotada con 90 millóns de euros. E aí protestaron todos os sindicatos, excepto un, un moi galego e ademais que vostedes coñecen moito. *(Aplausos.)*

Polo tanto, se lles preocupa tanto o sistema educativo, pois reclamen que se compense o custo provocado pola inflación do Goberno socialista que representa para o sistema educativo 23 millóns de euros. Pero disto, evidentemente, non lles escoitamos nada. Mire, nós estamos orgullosos do sistema educativo, estamos orgullosos do traballo que se está facendo, contamos coa mellor ratio de profesor-alumno de España, xuntamente con Estremadura, onde o 70 % das aulas de infantil e primaria desta comunidade autónoma teñen 20 alumnos, teñen menos de 20 alumnos e o 30 % teñen menos de 10 alumnos. Creo que é un dato do que temos que sentirnos orgullosos, porque na tramitación da Lei Celaá vostedes rechazaron emendas nas que se pretendía mellorar o ratio e veñen aquí dicir exactamente o contrario. Polo tanto, unha taxa de interinidade como en ningunha comunidade autónoma, que é a mellor que ten Galicia.

Polo tanto, creo que xa está ben de buscar temas de vir aquí a cuestionar constantemente o sistema educativo cando Galicia conta cun sistema educativo, que, efectivamente, sempre hai cousas que mellorar, estamos de acordo e estamos dispostos a consensualas, pero de aí a que vostedes veñan cun discurso sobre un asunto que funciona ben no ámbito de todo Estado, e que veñan cun discurso tan catastrófico, desde logo, que non llelo podemos aceptar.

Máis nada, señor presidente. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

Grupo autor da moción, señora Otero Lago.

**A señora OTERO LAGO:** Xa que adoptaba unha expresión cinematográfica que ten que ver coas películas e coas series, como é o do *spoiler*, para adiantar cal sería o resultado do debate, e tamén desgraciadamente imaxino que da votación, e falando de series e escoitando como fala o voceiro de educación do Partido Popular dos datos de educación e de ránkings, lembre tamén a unha serie que está nunha coñecida plataforma que se chama *Artistas da ma-*





*quillaxe*. Probablemente non a teñan visto, aínda que sexa só porque aparece no catálogo, como que me lembra moito —por aí din que si— o Partido Popular. ¿Quere que lle fala de ránkings de comunidades autónomas de Educación? Podemos falar de vivenda ou algo que está hoxe moi de actualidade, o ránking das comunidades autónomas por investimento en dependencia, que sitúa a Galicia e hoxe novamente, precisamente, á cola do Estado. No ano con máis transferencia de fondos, un ano de recortes en dependencia; debería caer a cara de vergoña. E fala vostede da matraca dos recortes, pois aí están os ránkings, e falaba deste tristemente.

Dicía que son artistas da maquillaxe porque defenden un sistema de hai quince anos, ademais iradamente, de excelencia, de cobertura de baixas, cando o número de docentes, diga o que diga vostede, este ano é inferior; este 2022, o número de docentes que había por alumno cando chegou o señor expresidente da Xunta de Galicia xa ao poder. Maquillan a realidade arredor do número de docentes, non explica por que os orzamentos neste curso 2022-2023 contemplan ese recorte de 900 docentes. Os datos desmenten ese discurso de compracencia, ¿cal é o peso do investimento en educación sobre o total do gasto da Xunta?, que non chega este ano ao 21 %, cando á chegada do hoxe senador, o señor Feijóo, expresidente da Xunta de Galicia superaba o 25 %. Repiten anuncios —insisto— enganosos sobre novos docentes, cando o que teñen é que cubrir xubilacións, pero o número de docentes, a evolución das contas velaí está. Esta década: redución do profesorado no ensino público e maior transferencia de recursos ao ensino concertado e privado. Esa é a súa marca, e fala —insisto— dun catálogo do ano 2007 sen imputarse, sen ter en conta o que temos vivido, falando de normalidade, como se a pandemia non existise, e sen inmutarse. E ao mesmo tempo falamos de prudencia, de sentidiño e de que reforzamos. É que non se entende.

E eu pregunto: falaba vostede de preguntas, a interpelación era para que contestase o conselleiro, nós presentamos hoxe esta moción e preguntamos: ¿que beneficios ten para o alumnado, para o ensino público galego que deixen ata dúas semanas aulas enteiras e cursos enteiros sen cubrir as baixas dos profesores e dos docentes? ¿Que beneficio ten para o alumnado? Porque non son vostedes quen de responder. ¿Consideran que están a dar unha resposta e unha educación de calidade a esas alumnas e eses alumnos que se viron todos estes meses sen profesor e sen profesora? ¿Consideran vostedes que están a responder a eses centros que, ademais de ter que afrontar esta problemática todos estes meses e este curso que aínda non rematou pola non cobertura das baixas, que as dan de alta e a Consellería de Educación bórraas sistematicamente, que teñen que estar entrando no sistema para ver se as borraron ou non? ¿Considera que lles están a dar un servizo de calidade, que están respondendo, que están agradecendo así ese esforzo, ese traballo? Nun curso, ademais no que están advertindo dende os centros das diferentes problemáticas casuísticas do aumento exponencial do alumnado con necesidades específicas e especiais e que, a pesar diso insisten nos recortes, non só nas baixas, nos recortes nos departamentos de orientación. E escoiten —como lles dicía antes— porque é absolutamente de balde; escoiten, falen cos centros, coa comunidade educativa, planifiquen o vindeiro curso atendendo a nova realidade e, por favor, cun chisco máis de sensibilidade.

Estamos ante o momento idóneo para que dunha vez escoiten e atendan. Diciamos as reivindicacións como a cobertura das baixas, o reforzamento dos departamentos de orientación,



a redución das ratios alá onde se precisa. Pero, no canto de escoitar e atender esta falta de políticas efectivas, amosan ese desleixo absoluto. Esa debe ser a liberdade que defenden no Partido Popular, que proclama esa liberdade a señora Ayuso, que avoga por partidos tabernarios, pandilleros e callejeros; esa liberdade que tamén asumía e repetía, aplaudía con euforia o señor Feijóo; ¿a liberdade entendida como progresiva, o progresivo desmantelamento do público en favor do sector privado?; ¿liberdade para non promover a igualdade, senón para ter pechado 138 centros públicos de ensino nestes anos?; ¿liberdade para reducir orzamento de educación en 113 millóns de euros?; ¿liberdade para eliminar a gratuidade dos libros escolares?; ¿liberdade para eliminar a asignatura de Xeografía e Historia de Galicia? Esa é a liberdade que defenden, señoras e señores do Partido Popular, un auténtico drama o que nos queda por diante, dende logo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

**Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas, sobre a política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura**

Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular. Para formular a moción, ten a palabra a señora Queixas.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Sandra Vázquez Dominguez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción:*

*Emenda de substitución:*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter as liñas de traballo que, desde o marco da Lei do Libro e da Lectura de Galicia, impulsan o ecosistema do libro galego, que teñen unha incidencia positiva na súa dinamización comercial e na súa visibilidade en Galicia e fóra da Comunidade, e que favorecen o afianzamento de índices de lectura pública e no contexto educativo.»*

**A señora QUEIXAS ZAS:** Beizón, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

«O que esta semana puxo a Galicia no mapa non veu a unha regata, foise no último barco». Con estas palabras honraba o ilustrador Kiko da Silva o recentemente falecido Domingo Villar, o escritor vigués que calou para sempre as palabras do detective Leo Caldas para deixar paso a ese silencio sobrecolledor que tantas galegas e galegos sentimos nestes días. *(Aplausos.)*

En nome do BNG toda a honra para a memoria de Domingo Villar, toda a gratitude para o seu traballo creativo na historia da literatura galega, todo o afecto para os seus, para a súa casa editora, a vaguesa editorial Galaxia, e para toda a comunidade lectora que transcendeu canda el os espazos literarios de Vigo e da contorna. *(Aplausos.)*



Domingo Villar é xa inmortal na memoria da nosa terra, colocando Galiza no mapa das culturas literarias sen fronteiras desde o galego que agora xa se pode ler, grazas a esa ferramenta magnífica que é a tradución, en castelán, en alemán, en italiano, en sueco e en francés. Sempre desde o galego e sempre sen fronteiras.

Porque non, señor Rueda, presidente ausente, señorías do Partido Popular, para a inmensa maioría da sociedade galega, non é o rei demérito quen coloca a Galiza no mapa, o rei defraudador e fugado, tampouco exiliado, como algún xornalista indecentemente cualificou, faltando á honra da memoria das exiliadas da ditadura franquista e tamén das súas familias. A defensa do Partido Popular do espectáculo vergoñento e esperpéntico que a monarquía española segue a representar escollendo estes días pasados Sanxenxo como escenario, é a proba da defensa dun modelo caduco, antidemocrático e discriminador que deixa ben claro que non todas somos iguais ante a lei. Velaí o Partido Popular máis unha vez como adaíl do pasado máis rancio, fronte ao BNG mirando sempre de fronte aos ollos do futuro.

Quen colocou a Galiza, literalmente, no mapa ben sabemos que foi Domingo Fontán xa a comezos do século XIX con traballo, dedicación, talento e un esforzo ímprobo de 17 anos. Quen colocara xa a Galiza e a nosa lingua no mapa das nacións culturais europeas xa foran os trobadores a finais do século XII. Quen colocou Galiza no mapa de todas as vangardas foi Rosalía de Castro estes días, precisamente traducida a unha nova lingua que é o guaraní. Quen ten colocado a Galiza moral, a Galiza ética no mapa da diversidade creativa e da pluralidade lingüística son todos os escritores e escritoras que teñen sido recoñecidos, por exemplo, cos premios nacionais, destacando —quero facer fincapé nisto— a literatura galega en todos, absolutamente en todos e cada un dos xéneros premiábeis, un caso verdadeiramente único no panorama literario europeo que, por suposto, no BNG nos enche de orgullo.

Porque si, señorías, do Partido Popular, os nosos escritores e escritoras colocan Galiza no mapa das palabras que pensan, senten e dialogan libres, honestas, democráticas, sen discriminación nin sectarismo e sempre en pé de igualdade, o mesmo camiño que canda elas queremos transitar no BNG, neste mapa de alternativa de futuro é onde nos queremos colocar no BNG.

Máis sabemos que para iso cómpre analizar ben os vimbios do presente, e na interpelación do pleno anterior presentámoslle ao conselleiro un catálogo de incertezas que espellan a delicada, feble e vulnerable situación que atinxe ao sector do libro galego. Investimentos contraídos, orzamentos por parte da consellería non executados, diminución no número progresivo de publicacións en galego, falta de impulso social á compra de literatura en galego, insuficiente apoio á rede de bibliotecas públicas, ausencia dunha estratexia de internacionalización, falta de visibilidade en librarías, ínfima presenza nos medios de comunicación, nomeadamente nos de titularidade pública ou perda progresiva da competencia lingüística en galego. Incertezas que, por suposto, argumentamos conforme datos oficiais, mais que o conselleiro non rebateu, agás con habituais evasivas mesiánicas, falla de autocrítica e exceso de adanismo. Somos os primeiros en todo, aínda que todos os datos indiquen o contrario, porque os datos que valen son os nosos, que só coñecemos nós, este é o *leitmotiv* desta Consellería de Cultura.



Eu pódolle dicir que se le máis agora que antes, dixo literalmente o conselleiro; só lle faltou dicir e punto, non hai nada máis que falar. O que nos parece realmente grave é que o conselleiro, evidentemente, non respondese á clave, ao miolo, á cerna da nosa interpelación: ¿Cando vai o Goberno do Partido Popular cumprir coa sociedade galega comprometéndose coa elaboración, coa aprobación en consenso por suposto co sector e cos representantes sociais dun plan de dinamización da lectura?

Escolleu, á falta de respostas, o señor conselleiro, acusarnos de pesimistas e de tremendistas, cando sabe perfectamente que o único que trouxemos aquí foi a voz do sector do libro galego, que canalizamos desde a responsabilidade que nos corresponde como representantes do pobo e como forza líder da oposición.

Non responderlle ao BNG por parte do Goberno da Xunta de Galiza é non responderlle a sociedade, como decote fai, e por iso imos cederlle estes minutos, a palabra, aos axentes, ás diferentes axentes do sector do libro para deixarmos constancia directa e explícita nesta Cámara dalgúns deses comunicados que foron emitindo nos últimos tempos e que dan boa proba da desatención da Xunta ás súas demandas. Apenas catro mencións —poderían ser moitas máis, pero o tempo é limitado—.

Queremos facer referencia a un primeiro comunicado propositivo que a comezos da pandemia, a finais de marzo do 2020, a Asociación Galega de Editoras, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a Federación de Librerías emitiu, establecendo as seguintes demandas —aínda a día de hoxe, dous anos despois, incumpridas—: incrementar nun 50 % a dotación para a compra de libros en galego nas bibliotecas públicas; preparar unha campaña especial de fomento da lectura que integre toda a sociedade; un plan transversal de promoción lectora; deseñar un verdadeiro plan de potenciación do libro galego dentro e fóra do país con especial detemento naquelas estratexias que promovan e poñan en valor a súa internacionalización; e reorientar as asignacións económicas previstas para o Xacobeo para destinar máis recursos á edición, á actividade dos escritores e escritoras e ás librarías como foco de representación e recoñecemento da literatura e da cultura galega.

Un segundo comunicado foi o emitido xa neste ano 2022, no mes de marzo, a Asociación Galega de Editoras. Un comunicado que recoñecían límite, absolutamente límite, como resposta á desatención por parte da Xunta de Galiza ano tras ano á hora de organizar as feiras internacionais do libro. Menos propaganda e máis xestión profesional é o que demandaban.

Galicia é un caso insólito con respecto a calquera outro gremio editorial do Estado e mesmo foráneo. Reclamamos poder xestionar un stand que é e que debe ser estritamente profesional. E fronte a iso topámonos ano tras ano e sen previo aviso con que a Xunta de Galicia perpetúa un sistema de participación que non está a ser útil para os obxectivos profesionais das nosas editoras e, xa que logo, para a internacionalización do libro galego.

Recentemente, neste mesmo mes de maio do ano 2022, a raíz da publicación da nova convocatoria de axudas á tradución, a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación vese obrigada a emitir un contundente e novo comunicado. Esta asociación di rexeitar unha vez máis o enfoque e o contido da Orde de axudas á tradución da Xunta de Ga-



licia, que é, ao noso ver, pouco coherente coa realidade da profesión e do sector, e que non tivo en conta a meirande parte das peticións das entidades do ámbito. Inclúense novamente criterios extraliterarios e de dubidosa relevancia; e entendemos que a Administración non ten interese nin en atender as necesidades reais do sector nin en definir uns obxectivos claros para estas axudas, polo que valoramos a posibilidade de deixar de colaborar coa Administración neste ámbito. Non fai máis a Xunta de Galiza que arrombar, afastar de si os colectivos que traballan arredor do libro galego.

E, finalmente, neste mes de maio tamén, algunhas pequenas, moi breves liñas da intervención dos representantes da Asociación Galega de Editoras, da Federación de Librarías e da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega na entrega dos Premios Follas Novas: «Desde a cordialidade institucional, pedimos ao Goberno da Xunta, que é quen ten as competencias estatutarias en xestión do libro, que se nos teña en conta. Pedimos diálogo honesto e pedimos unha Administración que escoite o sector. As creadoras e creadores precisamos axudas directas á creación e a imprescindible internacionalización ou proxección interior e exterior do libro galego. As feiras internacionais son algo máis que simples stands de representación institucional. Precisamos dun plan lector, sempre pendente; é tempo de ser tomada en serio polos responsábeis do libro galego a lectura e a nosa lingua. Precisamos dun plan lector para o libro galego como sector estratéxico que é, un dos piares sobre os que construír unha sociedade galega que se realice en todos os seus dereitos». Poderíamos continuar con moitas máis mostras infelizmente, mais o tempo non o permite.

En calquera caso, para o BNG é tempo, é moita hora de actuar en positivo a favor do libro e a favor da lectura en galego. Esta é a nosa intención sempre e por iso achegamos nesta moción propostas alternativas que están asentadas en tres piares:

O primeiro, impulsar un pacto social pola lectura que articule un plan transversal de fomento da lectura consonte o mandato da Lei do libro e da lectura de Galiza.

Activar, en segundo lugar, un plan de impulso económico para o sector do libro que permita duplicar o investimento actual dos orzamentos da Xunta na fin da presente lexislatura.

E, en terceiro lugar, crear o Instituto Rosalía de Castro para deseñar a difusión e a proxección internacional da lingua, literatura e cultura galegas en todas as súas expresións no exterior.

Confiamos, por suposto, no seu voto positivo.

Obrigada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Queixas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Domínguez.

**A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde.



Señorías, concordarán todos vostedes no valor dun libro como vehículo de comunicación, vehículo de sabedoría, un vehículo de aprendizaxe, sendo a lectura capaz de desenvolver esa imaxinación, a reflexión, o pensamento crítico, a capacidade dedutiva, a sensibilidade e mesmo a creatividade.

É unha pena ter que escoitar mensaxes cheas de —dicía a señora Queixas— incertezas lanzadas nesta Cámara parlamentaria probablemente para enturbar as boas vibracións que pode transmitir un bo libro.

A moción que vostede presenta no día de hoxe céntrase en tres puntos que pasarei a debullarlle con datos, con razóns e con argumentos da política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura, da lingua, da literatura e da cultura galega.

Señora Queixas, o apoio ao libro galego non só se verbaliza como pretende vostede, senón, a maiores, debe apoiarse con políticas positivas a favor do sector e con partidas económicas que promovan o mesmo. Mire, os últimos indicadores demostran que somos a comunidade con máis librarías por habitante en comparativa co resto de comunidades autónomas, preto de 15 librarías por cada 100.000 habitantes. Cada vez son máis os libros que se editan en Galicia, os datos reflicten un incremento porcentual positivo que demostra a paulatina recuperación do sector editorial. Detrás destes datos está o innegable esforzo do sector combinado coas políticas de apoio por parte da Administración autonómica. Pero a estratexia da Xunta de Galicia para a dinamización da lectura non só se centra no apoio ao libro, pasa necesariamente por unha política bibliotecaria que entenda o papel actual destes centros como espazos vivos, dinámicos e de socialización. Por suposto, unha especial atención ao ámbito educativo como xerme dos futuros hábitos lectores.

En canto ao segundo punto, solicita vostede un incremento porcentual; probablemente sexa porque descoñece as partidas económicas destinadas a impulsar o sector do libro. Mire, nun proceso continuado e sistemático de apoio ao sector do libro galego, no marco da Lei do libro e de lectura de Galicia, e da Lei de biblioteca, señora Queixas —é curioso que non a nomeen, esta última lei, a Lei de bibliotecas, probablemente porque non foi elaborada polo Bloque Nacionalista Galego—, destinouse un investimento dual de máis de 2 millóns de euros para incidir en ámbitos de actuacións especialmente relevantes que paso a mencionarlle.

Mire, apoio á edición do libro galego, unha liña de axudas creada no ano 2021 e que se mantén no presente ano 2022, que subvenciona a edición e comercialización do libro galego con 200.000 euros.

Apoio á comercialización a través das feiras do libro en Galicia, que este ano chegan a 13 localidades mediante un convenio de colaboración coa Federación de Librerías de Galicia con 120.000 euros.

Apoio á compra de libros nas bibliotecas públicas; o Goberno galego mellorou a dotación de novidades editoriais en galego na Rede de Bibliotecas de Galicia cunha convocatoria anual que as bibliotecas da rede xestionan directamente coas empresas editoras, cun importe de 200.000 euros. A maiores, contribúese na adquisición de novas coleccións e fondos das bi-



bibliotecas públicas que este ano se incrementarán ata os 550.000 euros. Nas 5 bibliotecas centrais territoriais, e mais a Biblioteca de Galicia, actualízanse anualmente as súas coleccións con 250.000 euros.

Apoio á dinamización da lectura dende as bibliotecas públicas co programa de dinamización Ler Conta Moito para as bibliotecas da rede, 200.000 euros; e para as bibliotecas de xestión autonómica, 150.000 euros.

Outra nova liña: apoio á creación literaria en galego. Coa reacción literaria mediante a convocatoria de certames, premios e recoñecementos á creatividade nos distintos xéneros, como pode ser a poesía, a narrativa ou o ensaio. Por exemplo, apoio económico aos premios Follas Novas do Libro Galego.

Outra nova liña, señora Queixas: apoio á tradición literaria. A política activa de fomento da produción de traducións directas e inversas, sempre en colaboración co sector editorial galego e coas editoras de fóra que se animan a obter ese financiamento público galego. Mire, entre o ano 2012 e o ano 2021 as 10 convocatorias da Xunta de Galicia mobilizaron preto de 2 millóns de euros en axudas. Foron traducidas 686 obras, das cales 467 foron traducións directas e 219 foron traducións inversas. Mire, o resultado da última convocatoria realizada no ano 2021-2022 supuxo un incremento moi significativo das obras traducidas e das editoras beneficiarias, 200.000 euros. Obras traducidas no ano 2016, 60; e na actualidade está en 132.

Outra das liñas é o apoio ás entidades gremiais do sector do libro galego, que consiste en axudar ás principais entidades do sector do libro con convenios anuais específicos que fortalecen a súa actividade asociativa. A Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación Galega de Editoras, a Asociación de Profesionais da Ilustración; en definitiva, aportacións por parte do Goberno galego.

Non esquezamos tamén a proxección exterior e a internacionalización do libro galego. Impulsouse a súa proxección no exterior e a internacionalización do libro galego mediante, por unha banda, unha liña de axudas para a participación destes creadores en programacións culturais fóra de Galicia; e, por outra, a presenza do libro galego en feiras internacionais do libro.

E non debemos esquecer, por suposto, o Bono Cultura 2021. Unha iniciativa de fomento da demanda cultural que tivo unha importante incidencia no comercio libreiro galego en 2021 e que, por suposto, foi un dos principais beneficiarios deste bono e supuxo a inxección de máis de 2 millóns de euros nos sectores culturais galegos.

En canto ao terceiro punto, señora Queixas. A Rede de Centros de Estudos Galegos ofrece a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades de América e de Europa, o que contribúe a difusión do galego no exterior, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas, e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes ao observaren o interese e o recoñecemento que posúe fóra das fronteiras administrativas de Galicia. Os datos avalan que a ensinanza do galego chega a 17 países, a 35 universidades, das cales 26 son internacionais e 9 nacionais. Preto —e os datos falan por si mesmos— de 2.000 alumnos reciben clases en países estranxeiros e 1.500 noutras zonas de España. En definitiva,



difusión e proxección internacional da lingua, da literatura e da cultura no exterior, tal como solicitan vostedes no terceiro punto.

E o máis importante, señora Queixas: temos o Consello da Cultura Galega, a máxima institución cultural da nosa comunidade autónoma, con rango estatutario e que ten entre as súas funcións promocionar a nosa lingua e a nosa cultura dentro e fóra de Galicia. Esta institución é a única en España e está moi inserida no funcionamento institucional, merecendo por parte deste grupo parlamentario todo o noso recoñecemento polo seu gran labor na promoción da nosa cultura e da nosa lingua dentro e fóra das nosas fronteiras. Espero que ese recoñecemento tamén se faga por parte do seu grupo, do Bloque Nacionalista Galego.

E xa remato, señor presidente, presentando unha emenda de substitución e así manter as liñas de traballo que, dende o marco da Lei do libro e da lectura de Galicia, impulsan o ecosistema do libro galego, que teñen unha incidencia positiva na súa dinamización comercial e na súa visibilidade en Galicia e fóra da comunidade, e que favorecen o afianzamento de índices de lectura pública e no contexto educativo.

Creo que lle argumentei os tres puntos, tal e como vostede facía na comparecencia ao inicio da súa intervención, e contando que, por suposto, teña a ben aceptar a emenda, e así seguir camiñando polo ben de Galicia e polo futuro dos galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Boa tarde.

Eu tamén quero comezar a miña intervención manifestando o noso fondo pesar polo falecemento do escritor Domingo Villar, non só meu, senón de todo o Grupo Socialista e de todo o PSdeG. A súa familia e as súas amizades quedaron orfas sen dúbida, pero tamén todos os lectores e lectoras galegos que ademais lemos en galego.

Indo á moción, nós compartimos co grupo proponente esa preocupación polo libro galego, un sector dos máis importantes no ámbito da nosa cultura, se non o máis; e máis aínda polos índices de lectura do noso país. Somos dos que menos lemos do Estado, señora Vázquez, dos que menos lemos do Estado.

Compartimos tamén a preocupación polo cada vez menor apoio a esta industria, tamén, por suposto, á nosa lingua, que se traduce nunha terrible merma de recursos durante a era Feijóo, unha tendencia que ademais, tememos, non vai mudar nesta nova época —sabemos que curta— pero aínda queda algo da época do señor Rueda.

E compartimos tamén a preocupación pola falla de estratexia e de compromiso serio coa proxección internacional da nosa lingua, da nosa literatura, en esencia da nosa cultura.





O Consello da Cultura Galega publicaba durante a pandemia o estudo *O sector do libro galego perante a crise da covid-2019*, que comezaba cunha diagnose xeral na que este consello daba conta de que o sector do libro non se recuperara aínda da crise de 2008. Entre as causas do que o propio consello chama «unha crise estrutural», con todo o que o termo estrutural supón, apuntaban, por unha banda, o descenso do consumo privado de libros, algo que, cremos nós, tamén debera preocupar as administracións; e, por outra, e non menos importante, senón todo o contrario, as políticas de gasto público, constatando un descenso moi importante no gasto das adquisicións en bibliotecas e grandes recortes nos orzamentos dos principais programas de fomento do libro e da lectura, con descenso ademais por riba, con descensos por riba do 50 % nos peores momentos da crise.

Señora Vázquez, non é certo o que a vostede lle escriben, o que a vostede lle escriben non, o que a vostede lle pasan, eses datos que lle pasan non son correctos e eu creo que debe reunirse co sector para darse conta do que estamos dicindo.

Por se fose pouco, ademais, a crise da pandemia incidía nesta situación agravándoa notablemente, tal e como puxeron de manifesto —xa o dixo aquí a señora Queixas—, tanto a Asociación Galega de Editoras como a Federación de Librarías de Galicia, como a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, que presentaba —certo— unha proposta nestes últimos tempos, presentaba unha proposta ademais dirixida a varias administracións, non só á galega, pero que aquí dende logo non atopou tampouco demasiada resposta.

A maiores a esta crise, hai que lle sumar tamén as consecuencias da invasión de Ucraína, que está a afectar de maneira moi preocupante ao prezo do papel, ou sexa, o prezo dos libros.

A realidade é que a industria do libro dá traballo no noso país a miles de persoas e que podería ademais exportar e crear moita máis riqueza se non fose porque a Xunta despreza o sector.

Ao contrario que noutras comunidades autónomas, por exemplo, Euskadi, que está á cabeceira, hai unha limitadísima implicación do Goberno da Xunta de Galicia nas políticas do libro, o que ademais repercute moi negativamente no estado de saúde da nosa lingua. E isto é unha realidade, tamén cremos nós, incontestable.

Por certo, o que dicimos que constata o Consello da Cultura Galega é ademais —como lle digo— referendado polo conxunto dos axentes que interveñen no sector, que falan textualmente de declive, de situación dramática, de falla de estruturas editoriais produtivas, falan tamén de febleza do noso sistema literario. E todas esas asociacións representativas do sector, e falamos das editoras, dos escritores e escritoras, das librarías, das bibliotecas, das tradutoras, das ilustradoras..., todas elas sinalan a Administración galega como corresponsable da situación motivada precisamente por esa merma orzamentaria que se prolonga no tempo. Tamén nas bibliotecas, señora Vázquez. O venres teremos ocasión na Comisión 4.<sup>a</sup> de falar deste asunto. Tamén nas bibliotecas.

En esencia, todos e todas coinciden en que o libro galego nos últimos tempos non tivo nin a axuda nin o impulso por parte da Administración galega que tivera en épocas anteriores. —Volvo repetirle—, isto non está a pasar, non pasa noutras comunidades autónomas.



Por certo, eu convídoa a que se reúna con estas asociacións e quizais eses datos que vostede manexa finalmente acaban converténdose noutros moi distintos, reúnanse coas editoras, reúnanse coas librarías, reúnanse coas escritoras, reúnanse con elas.

Se falamos xa de hábitos de lectura, e isto é algo que ao Grupo Parlamentario Socialista nos preocupa moito, os datos reflicten unha realidade moi preocupante no noso país. Botando man do último barómetro, *Hábitos de lectura e compra de libros do ano 2021*, elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España —é o barómetro que tamén manexa o Ministerio de Cultura, tamén aquí nos consta que a propia Xunta de Galicia o manexa como documento oficial—, comprobamos que, lonxe de mellorar, seguimos estando por baixo da media estatal na porcentaxe de lectores e lectoras de libros en tempo libre. A media estatal sitúase nun 64,4 % e nós non chegamos a un 62 %. ¿E isto que fai? Que nos sitúe entre as últimas comunidades autónomas neste índice de hábitos de lectura.

E, fronte a esta realidade incuestionable, porque a nós nos gusta ser rigorosos e ofrecer datos que non son nosos, por suposto, senón de fontes oficiais, ¿onde está a Xunta de Galicia? Nós a verdade é que non o sabemos. Fronte a esta situación non sabemos onde está o Goberno galego. Certo é que puidera estar traballando a golpe de parágrafo por día ou parágrafo por semana nese plan de fomento da lectura tan necesario. Por certo, ademais —xa se dixo aquí, é certo— obrigado por lei, que nos veñen anunciando, eu creo que xa vai para un lustro que levan anunciando que xa está a punto disto. É como o Consello de Informativos da Televisión de Galicia, que tamén falta pouquísimo, pero levan anos dicindo que falta pouquísimo. Algo parecido.

A Estratexia cultural galega 2021, ese documento que fora consensuado con todos os axentes culturais galegos do que pouco sabemos, xa propoñía como obxectivo estratéxico reformar o sector do libro; e xa falaba tamén da necesidade de actualizar a Lei do libro e da lectura para adecuala ás transformacións do sector á actualidade. E expoñía tamén moitas outras medidas que quedaron niso, en papel mollado, como practicamente toda esa estratexia.

Así que, ¿cal é a consecuencia? Que seguimos sen plan de fomento da lectura, seguimos tamén sen incrementar notablemente os orzamentos destinados ao libro. Bote vostede un vistazo, eu tamén a convido a que faga ese exercicio, a ver que era o que se destinaba no ano 2012. E non gobernaba tampouco o bipartito, no ano 2012. Faga vostede a comparativa con este ano e o ano 2012.

E fíxese que dicimos notablemente eses recursos. ¿Por que? Porque só así poderemos consolidar o libro como sector cultural estratéxico no noso país. Algo ademais que vén definido pola propia lei. A propia lei di que o libro é un sector estratéxico no noso país.

A respecto xa do punto 3 da moción do grupo propoñente, certo é que fai falla unha verdadeira estratexia de posicionamento internacional da nosa cultura. Tal e como aparece tamén, por certo, nesta estratexia da cultura galega, que contén medidas ademais para favorecer a exportación das industrias culturais galegas, entre as que figura o libro, por suposto, e cita impulsar plans sectoriais de internacionalización, non vimos nin o primeiro; e certo iso, facelo coa colaboración dos axentes e industrias implicadas para fa-



vorecer o acceso aos mercados internacionais. Non sabemos nada. Tamén falaba de potenciar as exportacións do libro galego ou de apoiar as traducións das obras en lingua galega, das editoriais galegas a outras linguas de interese estratéxico para facilitar a súa difusión exterior. Tamén seguimos agardando.

Pouco se ten feito, moi pouco se ten feito neste sentido de non ser accións... Señora Vázquez, vostede púxoas aquí enriba da mesa, é certo, algunha cousa faise, pero son accións espalladas no tempo non cunha continuidade, absolutamente descontinuas, e que non obedecen a unha estratexia, que é o que nós formulamos. Así, dende logo, non imos consolidar estrutura, que debера ser realmente o obxectivo.

Nós temos que confesar que, á vista de como funciona o noso país, e non pola nosa culpa, e a dependencia governamental á que están sometidas, ademais entes que deberan ser independentes ou, cando menos, deberan ser obxectivos ou actuar con obxectividade, non temos demasiado claro —confeso— ou demasiadas expectativas en que a creación dun instituto de lingua e cultura galega vaia solucionar a situación actual. Pero non pensamos que non sexa necesario, senón que —como digo— non temos demasiadas expectativas de que isto puidera funcionar. Pero o certo é que as outras comunidades históricas do Estado si dispoñen dese organismo, un organismo autónomo que certamente pula pola internacionalización da súa cultura ata o punto de que, por exemplo, o peso da industria do libro en Cataluña na súa economía equivale ao de todo o sector da cultura no noso país. Só o libro equivale porcentualmente ao peso de toda a nosa cultura no noso país.

Dito isto —e xa remato—, nós apoiamos esta moción do Bloque Nacionalista Galego que vai ademais moi en consonancia coa proposición non de lei que traeremos mañá a este mesmo Pleno, e agardamos realmente de verdade que o Partido Popular sexa quen de entender a importancia dun sector cultural que adoce non só, é certo, pero si en parte desa falla de apoio da Administración galega.

Nada máis pola nosa banda. Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

Grupo autor da moción, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Beizón, señor presidente.

Eu agradezo o apoio, mesmo a empatía da compañeira do Grupo Socialista, a esta moción que defendemos hoxe aquí. Penso que é algo de mínimos, son tres piares fundamentais que realmente demostran a vontade de construír unha estrutura sólida para o presente e para o futuro da literatura galega, sobre todo partindo da base, da perspectiva de que non lle temos medo a que a literatura galega medre e se ensanche moito máis alá das nosas fronteiras.

E en relación á compañeira do Grupo Parlamentario Popular, a verdade é que quedan bastantes cousas claras da súa intervención.



Primeiro, quédanos claro que con esa numeración de liñas o que ten o Partido Popular é a literatura galega moi á liña, pero moi, moi á liña. Cada ano máis, cada ano máis escuálida.

O que deducimos tamén é que non escoitan en absoluto o sector, tampouco escoitou os pequenos parágrafos aos que dei lectura hoxe de intervencións, de comunicados, de pronunciamentos moi críticos coa política do Partido Popular; non o escoita, non len tampouco; igual por iso é que non hai empatía mínima coa literatura galega. E tampouco falan, non falan co sector, porque, se non, vostede non se atrevería, tería moito máis decoro e non faría a intervención que fixo vostede hoxe aquí.

Sorpréndeme, ademais, incluso que non coñeza, que dea mostras ostentosas de descoñecer o propio traballo ou o non traballo, ou traballo parcial a media xornada do Partido Popular, porque vostede é membro da Comisión de Educación e Cultura. E menciona vostede aquí tan esplendorosamente a Lei de bibliotecas e vostede sabe que eu xa levei a esa comisión a reclamación de que esa lei que vostedes aprobaron en 2012 segue aínda sen desenvolver dez anos despois. (*Aplausos.*) Entón, parece que non se entera vostede moito de como é a estratexia política incluso do seu partido.

De paso tamén lle vou recordar a Lei de arquivos, que aprobaron no 2014 e tamén seguimos esperando a que desenvolvan o comprometido plan de arquivos.

Cando fala vostede de internacionalización..., aí xa non vou poder entrar, porque vostede falou doutra cousa que nada ten que ver cun instituto de internacionalización da lingua, da literatura e da cultura galegas. Eu só lle vou recomendar que vaia á web e visite o Instituto Etxepare, o Instituto Ramón Llul e o Instituto Cervantes. Entón xa se dará conta de que vostede acaba de facer aquí algo así como moi próximo ao ridículo, e desculpe que llo diga así. (*Aplausos.*)

E, en relación ao Consello da Cultura Galega, evidentemente, se de algo levamos falado dende hai cerca de dous anos é da defensa do Consello da Cultura Galega pero de verdade. É dicir, na Comisión de Orzamentos... (*Murmurios.*)

Co grata que é sempre a literatura galega, eu recoméndolles que lean un pouquiño máis de literatura galega que van levar o mundo, e a vida e os días con outro optimismo (*Aplausos.*) e outra felicidade.

Con respecto ao Consello da Cultura Galega, nós evidentemente claro que o temos moi presente, por iso na Comisión de Orzamentos demandamos que haxa uns orzamentos á altura —e volvemos dicir este ano por segunda vez— do que é un organismo estatutario como é o Consello da Cultura Galega, e vostede sábeo. Ou como demandamos continuamente que se respecten os informes do Consello da Cultura Galega en calquera ámbito, nomeadamente en patrimonio e nomeadamente neses informes, neses estudos que delatan claramente todo ese nivel, ese volume de agresividade do *boom* eólico, en relación ao noso patrimonio natural, cultural, ambiental e demais que vostedes aínda non viron diante.

E sorpréndeme de que se acorden de que existe o Consello da Cultura galega, (*Aplausos.*) sorpréndeme. Pero, mire, precisamente o último barómetro do Consello da Cultura Galega, que saíu



agora moi recentemente, di que a Xunta segue suspendendo na xestión da atención da atención á cultura galega durante a pandemia. Aínda andan co 4,7. En dous anos non tiveron tempo aínda de aprender para superar e para aprobar. E ese mesmo barómetro di que, precisamente no que son as expectativas da recuperación dos sectores da cultura, no que hai —literalmente, pode ir lelo, é do Consello da Cultura Galega— maior pesimismo é precisamente naquilo que se refire ao comercio de libros e publicación periódica. Vaia tomando nota, por favor, que fai boa falta.

Sobre o plan de lectura, vostedes é que xa teñen demostrado que non teñen en absoluto palabra, porque non lles interesa nada. O 24 de maio de 2018 dicía o señor secretario xeral de Cultura que a Estratexia da cultura galega incluíra un plan de dinamización da lectura. Non sei onde está, porque de momento non o vimos. Un pouquiño máis adiante, o 7 de setembro de 2018, volvía dicir o señor secretario xeral de Cultura: «o Consello Asesor do Libro estuda as liñas de atención que definirán o Plan galego de dinamización da lectura»; vai ben estudado porque de momento non chegou. Pero é máis, ao Grupo Parlamentario do Partido Popular débelle de dar xa tanta vergoña esta situación, esta falta de compromiso co libro, coa lectura e coa sociedade galega, que eles mesmos, o señor Ferro, defendeu na Comisión de Cultura o 7 de setembro de 2001 a necesidade de instar a Xunta a retomar os traballos de elaboración do Plan de dinamización e impulso da lectura en Galicia o antes posible. É dicir, que nin sequera lle fan caso o Goberno ao Grupo Parlamentario do Partido Popular (*Aplausos.*) e, mentres tanto, a sociedade galega segue sen un plan de lectura que vén obrigado pola Lei do libro e a lectura do ano 2007.

Así é como estamos. Vostedes viven nunha fraude dialéctica persistente. Ao PP dálle exactamente igual, porque o único que lle importa ao PP é o propio PP, vén o vimos nestes últimos tres meses; o que non lle importa en absoluto é Galiza.

Sobre a emenda que presentaron, pois evidentemente é unha emenda que claramente ignora a nosa moción, dá as costas ás demandas do sector do libro e da lectura en galego, mesmo emenda a propia actuación na Comisión de Educación e Cultura do propio Grupo Parlamentario do Partido Popular. E nós, ¿que quere que lle diga?, entre a palabra do sector e a non palabra do Partido Popular, sempre imos escoller a do sector.

Vostede acaba de demostrar con esta emenda que continúan con esa política de rutina...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ... que veñen traendo de atrás, que efectivamente non vai mudar nada, tampouco, para o ámbito da cultura e da literatura galega, como demostran que tampouco vai mudar para a lingua galega, con esa observación que fixo a súa compañeira na intervención anterior, a señora Teresa Egerique, en contra do cumprimento da Lei de normalización lingüística. (*Aplausos.*) Xa nos queda moi claro o que importa a lingua, o que importa a literatura galega aquí.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Queixas.

Terminou o seu tempo.



**A señora QUEIXAS ZAS:** Remato xa, señor presidente.

Se efectivamente imos votar en contra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Terminou o seu tempo.

Grazas.

Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Noelia Otero Lago.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noelia Otero Lago, sobre a cobertura das baixas do persoal docente.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Mercedes Queixas sobre a política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspéndese a sesión ata mañá as dez da mañá.

Boa tarde.



*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pardo López, Adrián	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cahafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santos Costa, Manuel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Sanz Arias, Cristina	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Seco García, Martín	(S)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ojea Arias, Eduardo	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Lago, Noelia	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

